



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Psicoloxía

Curso Académico: 2020/2021

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	13/05/2022
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	20/06/2022
Aprobada por	Xunta de Facultade de Psicoloxía	30/06/2022

Índice

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
2.1 Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Informe de execución do PMA da Facultade de Psicoloxía, 2020-21 (aprobado pola Comisión de Calidade o 08/04/2022)	7
2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	22
2.2.1. Grao en Psicoloxía	23
2.2.2. Master Universitario en Psicoxerontoloxía	25
2.2.3 Master Universitario en Psicoloxía	26
2.2.4 Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria	29
2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	31
2.3.1. Grao en Psicoloxía	33
2.3.2 Máster Universitario en Psicoxerontoloxía	36
2.3.3 Máster Universitario en Psicoloxía	38
2.3.4. Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.....	40
2.4 Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	44
2.4.1. Persoal académico	44
2.4.2. Persoal de apoio	50
2.5 Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	52
2.6 Directriz 6. Información pública	58
3. Plan de Melloras do centro, 2021-22	59
3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas	59
3.2. Cadro resumo de relación Obxectivos de Calidade – Accións de mellora, 2021-22 – Plan de Melloras 2021-22.....	75
4. Modificacións nos diferentes títulos	80
5. Listaxe de evidencias e indicadores	81
5.1. Documentos e informes.....	81
5.2 Indicadores dispoñibles ^[OB]	85

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Psicoloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro así como o desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Nesta ocasión preséntase o documento correspondente ao curso 2020-21, un curso que se viu parcialmente afectado pola crise sanitaria derivada da pandemia por COVID-19.

O documento organízase, como en anos anteriores, en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nas titulacións obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Antes de desenvolver eses capítulos, e para unha adecuada contextualización dos mesmos, expónse someramente, nesta introdución, a estrutura xeral da Facultade, atendendo ás titulacións oficiais adscritas e os órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na Facultade de Psicoloxía da USC, no curso obxecto desta memoria (2020-21) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Psicoloxía (GPs). Código RUCT 2500462; Código USC G2011.
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (MUPXS). Código RUCT 4314481; Código USC P2151.
- Máster Universitario en Psicoxerontoloxía (MUPXer) (Código RUCT 4314476; Código USC P2171), interuniversitario coas universidades de Barcelona (UB), Salamanca (USAL) e Valencia (UV), coordinado pola USC.
- Máster Universitario en Psicoloxía (MUPs), coas especialidades de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria e de Psicoloxía Experimental (Código RUCT 4317022; código USC P3411).

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia nos mesmos no curso de referencia foi o seguinte:

Titulación	estudantes	docentes
Grao en Psicoloxía	746	73 (máis 18 investigadores en formación)
MUPXS	70	24
MUPXer	13	15 (USC) (máis 3 profesores ou profesionais externos)
MUPs	37	30 (máis 2 profesores ou profesionais externos)

O persoal de administración e servizos da Facultade de Psicoloxía, segundo a base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2021, ascendía a un total de 26 traballadores:

Área de administración	7
Área de conserxería	6
Área de biblioteca	13

Nota: o persoal de conserxería e biblioteca está adscrito conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de CC. da Educación

Os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

Unipersoais:

- Decana / Responsable de Calidade
- Coordinadora de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisións de Título (CT). No caso de títulos interuniversitarios, CT da USC e Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI)

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da memoria de calidade, así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Facultade de Psicoloxía conta con Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015, de 29 de maio e a Resolución da *Secretaría General de Universidades* de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do *Consejo de Universidades* de 28 de febreiro de 2019, unha vez que a implantación do SGC da Facultade de Psicoloxía fora certificada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en xuño de 2018, e tres dos títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) tiñan renovada a súa acreditación en 2016 (GPs) e 2018 (MUPXS e MUPXer).

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria no SGC (PE-02), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2020-21, así como as súas propostas de obxectivos de calidade/accións de mellora, todo iso a partir

dos informes e indicadores proporcionados pola responsable de calidade. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de melloras anual (PMA). O documento final, a Memoria de Calidade, foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica e sometida a aprobación da Xunta de Facultade. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

2.1 Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Psicoloxía conta cunha [Política de Calidade](#) que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se dá a coñecer aos grupos de interese mediante a publicación na páxina web do Centro. Esta Política revísase con periodicidade, e actualízase, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A versión actual segue vixente.

A Facultade de Psicoloxía conta, no curso académico obxecto desta Memoria, cun **Plan Estratéxico** (PE) vixente até 2022. Trátase dunha prórroga/actualización do plan precedente, que tiña vixencia até 2020 pero que foi necesario prorrogar por mor da afectación dos calendarios ordinarios debida á crise sanitaria. Esta prórroga foi aprobada en marzo de 2021 e, como se indica, estende o PE até 2022 (ou, no seu caso, até a renovación do PE da Universidade). Este [Plan Estratéxico 2021-22](#) está publicado, de acordo co proceso *PS-06, Información pública*, do SGC, no sitio web da Facultade de Psicoloxía.

Outro elemento que é necesario avaliar en relación co desenvolvemento da política de calidade é o **grao de execución e eficacia do Plan de Melloras Anual (PMA)** levado a cabo durante o curso obxecto desta memoria (2020-21).

Este plan estruturouse en 11 obxectivos de calidade que levaron asociadas un total de 15 accións de mellora. Unha parte delas executáronse a nivel de Centro, por afectar ao conxunto do sistema ou a varios programas formativos. Outras foron específicas dalgunha

titulación, polo que foron executadas, en primeira instancia, polos órganos dos títulos (CT e coordinador/a), co apoio do equipo decanal.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a CCC. A continuación insírese o informe de execución, aprobado o 8 de abril de 2022. Como se pode ver nel, as accións foron executadas nun moi alto grao, aínda que o curso viuse parcialmente afectado pola crise sanitaria derivada da pandemia por COVID-19.

Informe de execución do PMA da Facultade de Psicoloxía, 2020-21 (aprobado pola Comisión de Calidade o 08/04/2022)

OBXECTIVO DE CALIDADE		
OC-1. Mellorar os programas formativos para adaptalos ás demandas sociais.		
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico	
Procesos chave relacionados	PC-05 - Análise de resultados e mellora dos programas	
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-1. Incrementar a optatividade na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía	
Indicador/es de medición	Novas materias optativas (nº)	Meta a conseguir: 1 nova materia optativa
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO		
Valor do/s indicador/es	1	
Grao de consecución da meta:	Alto	

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A ratio de optatividade da especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía foi restrinxida no deseño inicial do máster, e neste momento hai posibilidade de incorporar unha materia, dun perfil que non estaba presente.
Definición/descrición proposta	Incrementar a optatividade na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Deseñouse e tramitouse a proposta de inclusión dunha nova materia optativa na especialidade e foi aprobada e programada a súa oferta para o curso 2021-22.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE		
OC-2. Dispoñer de datos sobre inserción laboral dos egresados.		
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade	
Procesos chave relacionados	PC-05 - Análise de resultados e mellora dos programas	
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-2. Aplicar unha enquisa de inserción laboral aos egresados do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria	
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa (si/non)	Meta a conseguir: Datos de empregabilidade

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	Non
Grao de consecución da meta:	Medio (elaborouse a enquisa; pendente a súa aplicación).

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	Os datos de empregabilidade proporcionados por organismos externos (SIU, ACSUG) non teñen a periodicidade ou o nivel de concreción necesarios.
Definición/ descrición proposta	Aplicar unha enquisa de inserción laboral aos egresados do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Elaborouse a enquisa sobre a inserción laboral aos egresados pero quedou pendente para a súa aplicación no curso 2021-22.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	A escasez de estudantes que deron a autorización para comunicarse con eles para solicitar/enviar información, xunto coa situación complexa da pandemia levou ao replanteamento dos prazos, considerando mais apropiado deixalo para o curso 2021-22, á espera da recuperación da normalidade.
Axustes/Novas Tarefas	Aplicación da enquisa (curso 2021-22, decembro).

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-3. Promover a homoxeneidade na metodoloxía docente e de avaliación das prácticas externas.

Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-3. Elaborar un documento sobre as funcións dos titores académicos do Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	Existencia do documento-guía	Meta a conseguir:	Mellora da satisfacción do estudantado coa titorización académica das prácticas externas
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-4. Diseñar e aplicar un instrumento de avaliación da calidade e satisfacción coas prácticas externas do Máster en Psicoxerontoloxía, común ás universidades participantes, a partir dunha serie de ítems valorativos tanto cuantitativos como cualitativos.		
Indicador/es de medición	Existencia e aplicación do instrumento (si/non)	Meta a conseguir:	Mellora da homoxeneidade na valoración das prácticas externas entre todas as universidades participantes

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	1 (AM_C-3) - Si 2 (AM_C-4) - Si
Grao de consecución da meta:	Alto - avánzase na homoxeneización dos procesos de seguimento e avaliación das materias de prácticas externas e traballos de fin de estudos.

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-3
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20.

Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Pese a alta valoración media do prácticum por parte do alumnado, téñense detectado en casos puntuais algunhas queixas debido a falta de concreción das tarefas relacionadas coa titorización académica das prácticas.
Definición/ descrición proposta	Elaborar un documento sobre as funcións dos titores académicos do Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Elaborouse unha guía informativa da documentación do prácticum que se envía a todos/as os titores académicos xunto co resto da documentación necesaria. Nesta ficha, ademais de enumerar e describir todos os documentos necesarios, se especifica o procedemento a realizar con cada un deles e se concretan as reunións mínimas que se deben manter co/a estudante.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-4
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20.
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Non existe información homoxénea sobre a valoración das prácticas externas entre as catro universidades participantes, polo que se precisa un instrumento consensuado para ter indicadores homologados.
Definición/ descrición proposta	Deseñar e aplicar un instrumento de avaliación da calidade e satisfacción das prácticas externas do Máster en Psicoxerontoloxía, a partir dunha serie de ítems valorativos tanto cuantitativos como cualitativos.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	David Facal Mayo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Elaborouse un documento de 10 preguntas para aplicar de xeito compartido nas catro universidades que imparten a titulación
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-4. Mellorar a información ao estudantado sobre os procesos académicos.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento.		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-5. Mellorar a información sobre os centros de prácticas para os alumnos do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	Accións informativas	Meta a conseguir:	Mellora da satisfacción do estudantado en relación coa información do Prácticum
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-6. Implementar estratexias para favorecer a comunicación e a coordinación entre profesorado e estudantado do Máster en Psicoloxía, especificamente no referido aos mecanismos e tarefas relacionadas coa avaliación das materias.		
Indicador/es de medición	Accións informativas	Meta a conseguir:	Mellora da satisfacción do estudantado en relación coa información das materias

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	AM_C-5. Actualización da información en web. AM_C-6. Realización de reunións informativas.
Grao de consecución da meta:	Medio.

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-5
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	A información sobre os centros de prácticas está accesible a través de enlaces ás páxinas web dos centros colaboradores pero algúns estudantes demandan a concreción do tipo de tarefas que se adoitan facer nas prácticas realizadas neses centros
Definición/ descrición proposta	Mellorar a información sobre os centros de prácticas para os alumnos do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Actualizáronse as ligazóns ás páxinas web dos centros colaboradores no Prácticum, pero para obter unha información concreta sobre o tipo de tarefas que adoitan facerse nas prácticas remitiuse aos titores académicos que habitualmente titorizan cada centro
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	As dificultades derivadas da pandemia e o seu impacto nas condicións de realización do Prácticum fixeron considerar que especificar nun documento as tarefas que adoitan realizarse en cada dispositivo podía ser negativo ao xerar aos estudantes unhas expectativas que os centros non poderían satisfacer na situación sanitaria do curso 2020-21.
Axustes/Novas Tarefas	Á espera da superación das limitacións sanitarias asociadas á pandemia, trasladar ao curso 2021-22 a elaboración dunhas fichas informativas sobre os centros de prácticas.

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-6
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Valoración do estudantado respecto da información sobre os criterios de corrección de exames e traballos nas enquisas de satisfacción coa docencia.
Definición/ descrición proposta	Implementar estratexias para favorecer a comunicación e a coordinación entre profesorado e estudantado do Máster en Psicoloxía, especificamente no referido aos mecanismos e tarefas relacionadas coa avaliación das materias.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Celebráronse reunións periódicas con alumnado e profesorado do Máster, nas que se considerou implementar mecanismos de avaliación das materias consensuados e compartidos entre distintas materias. Leváronse a cabo os días 21 e 25 de xaneiro do 2021 co alumnado e o día 26 de xaneiro de 2021 co profesorado.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-5. Axustar os horarios de clase para favorecer o proceso de ensino/aprendizaxe.

Obxectivo estratéxico relacionado	Promover horarios e calendarios que permitan un reparto axeitado da carga de traballo.		
Procesos chave relacionados	PC-02. Planificación das ensinanzas.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-7. Reorganizar os horarios do Máster Universitario en Psicoloxía de maneira que se limite o número de materias con docencia de cinco horas seguidas.		
Indicador/es de medición	Nº de materias con módulo horario de cinco horas	Meta a conseguir:	Redución do número de materias con ese módulo respecto do curso 2019-20
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-8. Cambiar de semestre (do 2º ao 1º) unha materia obrigatoria do Máster en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Cambio de semestre da materia (si/non)	Meta a conseguir:	Cambio de semestre da materia

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	AM_C-7. 5 (44% menos que en 2019-20) AM_C8. Si
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-7
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Valoración do estudantado respecto da distribución horaria das clases.
Definición/ descrición proposta	Reorganizar os horarios do Máster en Psicoloxía de maneira que se limite o número de materias con docencia de cinco horas seguidas.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Reduciuse significativamente o número de materias con módulo horario de 5 horas seguidas: de 9 en 2019-20 a 5 en 2020-21 e 4 na programación para 2021-22
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-8
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Suxestión de estudantado e profesorado nas reunións de valoración do curso.
Definición/ descrición proposta	Cambiar de semestre (do 2º ao 1º) unha materia obrigatoria do Máster Universitario en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Tramitouse e foi autorizado o traslado dunha materia do 2º ao 1º semestre; o cambio fíxose efectivo na programación do curso 2021-22.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-6. Lograr un equilibrio entre semestres e unha adecuada progresión na organización temporal dos programas formativos.

Obxectivo estratéxico relacionado	Promover horarios e calendarios que permitan un reparto axeitado da carga de traballo.		
Procesos chave relacionados	PC-02. Planificación das ensinanzas.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-9. Solicitar aos departamentos con docencia no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria que, no caso das materias obrigatorias asignen, polo menos, dous docentes.		
Indicador/es de medición	Nº de materias obrigatorias con 2 ou máis docentes	Meta a conseguir:	Todas as materias obrigatorias con 2 ou máis docentes

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	5 materias (62% do total)
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-9
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Téñense producido algunhas dificultades para facer fronte á docencia de materias obrigatorias na que figura un so docente nos casos de que este se vexa obrigado a coller algunha baixa médica
Definición/ descrición proposta	Solicitar aos departamentos con docencia no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria que, no caso das materias obrigatorias, asignen polo menos dous docentes.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Trasladoouse ao departamento con docencia asignada nas materias obrigatorias do máster a solicitude de que nas materias obrigatorias asignasen un mínimo de dous docentes. Fíxose así en 5 das 8 materias.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	O incremento de grupos de docencia no Grao por mor das condicións de docencia en pandemia impediu ao departamento atender a demanda en todas as materias.
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-7. Mellorar a capacitación do profesorado no manexo das TIC para a docencia.

Obxectivo estratéxico relacionado	Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI.		
Procesos chave relacionados	PS-01. Xestión dos recursos humanos		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-10. Solicitar e propoñer actividades de formación sobre manexo das tecnoloxías da información e da comunicación para a docencia e a avaliación.		
Indicador/es de medición	Participación nos cursos	Meta a conseguir:	Asistencia 50% de profesorado

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	68.4% e 25.3% nos dous cursos realizados.
Grao de consecución da meta:	Alto.

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-10
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20

Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.
Análise causa	Necesidade de implementar o uso de ferramentas telemáticas na docencia de modo xeneralizado.
Definición/ descrición proposta	Solicitar e propor actividades de formación sobre manexo das tecnoloxías da información e da comunicación para a docencia e a avaliación
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Organizáronse dúas actividades formativas encamiñadas a mellorar as habilidades para o manexo de ferramentas telemáticas no profesorado: 1-Curso de edición de vídeos aplicados á docencia no Grao en Psicoloxía. Participación de 20 profesores (25,3% do total) 2- Xornada de formación tecnolóxica nos novos equipos multimedia instalados nas aulas (co-organizado coa área de TIC da USC-, en xaneiro de 2021. Participación de 54 profesores (68,4% do total)
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-8. Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia.

Obxectivo estratéxico relacionado	Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-11. Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia.		
Indicador/es de medición	Nº de equipos renovados	Meta a conseguir:	Renovación dos equipos das aulas 1-11

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	35
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-11
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
Análise causa	Necesidade de manter en bo estado de uso os equipamentos de apoio á docencia.
Definición/ descrición proposta	Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Renováronse os ordenadores de profesor das 11 aulas de docencia xeral. Renováronse, a maiores do previsto, os ordenadores (de estudantes e profesor) do Laboratorio Docente de Desenvolvemento Psicolóxico e Intervención Educativa (24 postos).
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-9. Dispoñer de infraestrutura adecuada para o uso das TIC na docencia, sexa en modalidade presencial, semi-presencial ou non presencial.

Obxectivo estratéxico relacionado	Dispoñer de infraestrutura que posibilite a incorporación progresiva do uso das TIC na docencia.		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-12. Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes.		
Indicador/es de medición	Nº de aulas con dotación	Meta a conseguir:	Completar aulas xerais 1-11
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-13. Instalar os sistemas de cámara e de son necesarios para desenvolver a docencia en remoto desde as aulas, nas aulas de propósito xeral de maior número de postos.		
Indicador/es de medición	Nº de aulas con dotación	Meta a conseguir:	Completar aulas xerais 1-11

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	AM_C-12. 11 AM_C-13. 11
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-12
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
Análise causa	Necesidade de contar con plena conectividade para o uso de equipos electrónicos nas aulas.
Definición/ descrición proposta	Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Completouse a dotación de tomas de corrente nos postos de estudantes en cinco aulas, co que se completa o total das 11 aulas de propósito xeral da facultade
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-13
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
Análise causa	Necesidade de contar con sistemas para docencia telemática nas aulas.
Definición/ descrición proposta	Instalar os sistemas de cámara e de son necesarios para desenvolver a docencia en remoto desde as aulas, nas aulas de propósito xeral de maior número de postos.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Instaláronse sistemas de videoconferencia completos (cámara e micro/altosfalantes de altas prestacións) en todas as aulas de propósito xeral da Facultade (11 aulas)
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-10. Dispor de espazos que atendan ás necesidades do estudantado

Obxectivo estratéxico relacionado	Dispor de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudantado.		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-14. Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en tódalas aulas (2ª fase).		
Indicador/es de medición	Nº de aulas adaptadas	Meta a conseguir:	2 novas aulas

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	5
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-14
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	A disposición de bancadas fixas en todos os postos dalgunhas aulas dificulta a plena integración de estudantes con mobilidade reducida.
Definición/ descripción proposta	Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase).
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Instaláronse postos adaptados para persoas con mobilidade reducida nas aulas xerais que faltaban por acondicionar (cinco), de modo que quedaron acondicionadas un total de 10 aulas de propósito xeral.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-11. Mellorar a visibilidade das titulacións da Facultade.

Obxectivo estratéxico relacionado	Facilitar o acceso á información interna, e os mecanismos de comunicación externa, afondando na cultura de transparencia		
Procesos chave relacionados	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-15. Desenvolver actividades de captación para o Máster Universitario en Psicoloxía de alumnado tanto na Comunidade Autónoma, como no conxunto do Estado, e noutros países.		
Indicador/es de medición	Axuste oferta/ demanda no MUPs	Meta a conseguir:	Ocupación do 100 % das prazas ofertadas

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	100 % / 87.5 %
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-15
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2019-20
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	No primeiro ano de oferta non foi posible facer accións promocionáis do máster e non se cubriron todas as prazas ofertadas.

Definición/ descripción proposta	Desenvolver actividades de captación para o Máster Universitario en Psicoloxía de alumnado tanto na Comunidade Autónoma, como no conxunto do Estado, e noutros países.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Realizouse a promoción do máster a través do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Ademais, contactouse coa área de Internalización da USC para solicitar participar no programa de promoción en contextos internacionais. No momento de peche da matrícula para o curso 2021-22 a matrícula cubría o 100% da oferta. Aínda que posteriormente se produciron 2 renuncias, apreciase unha evolución favorable nos datos de matrícula, que foi do 70,8% no curso 2019-20, do 87,5% no curso 2020-21, e do 91,6% no 2021-22.
Data Comprobación	31/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Cadro resumo de relación Obxectivos estratéxicos-Obxectivos de calidade, 2020-21, Plan de Melloras, 2020-21¹.

Plan de Melloras Anual, 2020-21		
Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC) 2020-21	Plan de melloras (acción, AM), 2020-21
OE- Manter unha oferta formativa actualizada para dar resposta ás necesidades formativas do contorno social e económico no ámbito da Psicoloxía [D2]	OC-1. Mellorar os programas formativos para adaptalos ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico	AM_C-1. Incrementar a optatividade na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster Universitario en Psicoloxía
OE- Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade	OC-2. Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade	AM_C-2. Aplicar unha enquisa de inserción laboral aos egresados do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
OE- Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais [D3]	OC-3. Promover a homoxeneidade na metodoloxía docente e de avaliación das prácticas externas	AM_C-3. Elaborar un documento sobre as funcións dos titores académicos do Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
		AM_C-4. Diseñar e aplicar un instrumento de avaliación da calidade e satisfacción das prácticas externas do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía, común ás universidades participantes, a partir dunha serie de ítems valorativos tanto cuantitativos como cualitativos
OE- Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento [D3]	OC-4. Mellorar a información ao estudantado sobre os procesos académicos	AM_C-5. Mellorar a información sobre os centros de prácticas para os alumnos do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
		AM_C-6. Implementar estratexias para favorecer a comunicación e a coordinación entre o profesorado e estudantado do Máster Universitario en Psicoloxía, especialmente no referido aos mecanismos e tarefas relacionadas coa avaliación das materias
OE- Promover horarios e calendarios que permitan un		AM_C-7. Reorganizar os horarios do Máster Universitario en Psicoloxía de maneira que se limite o número de

¹ Nos obxectivos estratéxicos indícase entre [], a directriz (ou directrices) do programa FIDES-AUDIT coa que se vinculan.

Un OE pode estar vinculado a máis dunha directriz; igualmente, un OC pode estar vinculado a máis dun OE e unha AM pode vincularse con máis dun OC.

reparto axeitado da carga de traballo [D3]	OC-5. Axustar os horarios de clases para favorecer o proceso de ensino/aprendizaxe	materias con docencia de cinco horas seguidas AM_C-8. Cambiar de semestre (do 2º ao 1º) unha materia obrigatoria do Máster Universitario en Psicoloxía
	OC-6. Lograr un equilibrio entre semestre e unha adecuada progresión na organización temporal dos programas formativos	AM_C-9. Solicitar aos departamentos con docencia no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria que, no caso das materias obrigatorias asignen, polo menos, dous docentes
OE- Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI [D4]	OC-7. Mellorar a capacitación do profesorado no manexo das TIC para a docencia	AM_C-10. Solicitar e propor actividades de formación sobre manexo das tecnoloxías da información e da comunicación para a docencia e a avaliación
OE- Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia [D5]	OC-8. Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia	AM_C-11. Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia
OE- Dispoñer de infraestrutura que posibilite a incorporación progresiva do uso das TIC na docencia [D5]	OC-9. Dispoñer de infraestrutura adecuada para o uso das TIC na docencia, sexa en modalidade presencial, semi-presencial ou non presencial	AM_C-12. Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes
		AM_C-13. Instalar os sistemas de cámara e de son necesarios para desenvolver a docencia en remoto desde as aulas, nas aulas de propósito xeral de maior número de postos
OE- Dispor de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudantado [D2]	OC-10. Dispor de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudantado	AM_C-14. Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase)
OC- Facilitar o acceso á información interna, e os mecanismos de comunicación externa, afondando na cultura da transparencia [D3]	OC-11. Mellorar a visibilidade das titulacións da Facultade	AM_C-15. Desenvolver actividades de captación para o Máster Universitario en Psicoloxía de alumnado tanto na Comunidade Autónoma, como no conxunto do Estado, e noutros países

No relativo á vixencia do **Sistema de Garantía de Calidade** da Facultade de Psicoloxía, considérase debidamente actualizado. As Memorias de Calidade do Centro que, desde a obtención da acreditación institucional, en 2019, conforman o documento esencial de rendición de contas para a avaliación, veñen sendo informadas favorablemente polos órganos supervisores (Comisión de Calidade do Consello de Goberno, ACSUG). Por tanto, considérase que se está a cumprir satisfactoriamente cos procesos de seguimento, análise e mellora.

É obxecto tamén de análise neste documento a **coordinación das accións de calidade** en todos os centros no caso de **titulacións interuniversitarias**. A Facultade de Psicoloxía conta cunha única titulación destas características, o MUPXer, coordinado desde esta Facultade, que se desenvolve conforme ao seu SGC. A xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízase conforme ás mecánicas establecidas en cada unha das universidades participantes que, sendo todas elas públicas e do estado español, son moi semellantes. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a este título aplícanse en todas as universidades. As principais dificultades para unha completa coordinación seguen a derivar da variabilidade entre as institucións nos calendarios de procesos académicos, que provocan que, en ocasións, a completa posta en práctica de certas accións ten que estenderse por máis dun curso académico; e tamén da dificultade para que os departamentos de Calidade de todas as universidades provean a totalidade dos indicadores definidos no SGC do Centro coordinador, o que obriga aos responsables da titulación a recadar esa información polos seus propios medios.

Como última cuestión a valorar neste epígrafe correspondente coa directriz 1, cómpre facer referencia aos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. A sistemática para esta recollida de información está exposta no proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, que establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, titulacións, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade complementa esta información recadada a nivel institucional mediante a aplicación de enquisas propias para procesos específicos (TFG, Prácticum, actividades do Plan de acción tutorial) ou mediante reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, titores de Prácticum). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma, en boa medida, a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos.

Os aspectos sobre os que se recada información mediante enquisas considéranse axeitados, pero precisan ser actualizados e mellorados. No curso 2020-21 víronse mellorados pola incorporación dun novo instrumento de avaliación da calidade e satisfacción coas prácticas externas do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía: unha

nova enquisa consensuada entre as catro universidades participantes para recoller información homoxénea (ver, no informe de execución do PMA, *OC3, AM_C4*). Polo que respecta á participación nas enquisas, nalgúns títulos requírese prestar atención de cara a consecución dunha maior taxa de participación, á marxe de que a recollida de información dos grupos de interese, no curso 2020-21, puidese verse afectada parcialmente polas circunstancias derivadas da pandemia. En particular, algunhas das enquisas foron cumprimentadas por un número reducido de persoas, como por exemplo a satisfacción dos títulos profesionais coa docencia do Prácticum de Grao, que tan só cumprimentou un 1.8% dos títulos externos.

No caso da participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción coas titulacións, para o Grao a taxa de participación foi do 38.93%, similar á da titulación do MUPXS que foi do 36.36%, cifras que rexistraban unha maior participación nos anos previos á pandemia. No caso do MUPs a taxa de resposta dos estudantes na enquisa foi do 78.26%, e do 100% na titulación do MUPXer, taxas que foron incrementándose paulatinamente ano tras ano e aínda que acusaron a crise sanitaria, viron significativamente mellorados os datos de participación na última enquisa.

Co fin de seguir actualizando e mellorando os procesos de avaliación da satisfacción dos grupos de interese, concréntanse nas seguintes accións de mellora:

Obxectivo de calidade (OC): Mellorar a información dispoñible relativa á satisfacción dos grupos de interese (OC-1).

Acción de Mellora (AM): Elaborar unha enquisa propia, así como fomentar a participación na mesma, para avaliar a satisfacción do alumnado co curso de biblioteca que reciben no primeiro semestre do 4º curso do Grao en Psicoloxía (AM_C-1.a)².

Acción de Mellora (AM): Elaborar unha avaliación da satisfacción co proceso de elaboración do Traballo Fin de Máster no Máster de Psicoxerontoloxía a partir dunha serie de ítems avaliativos comúns (AM_C-1.b).

En todo caso, a Comisión de Calidade da Facultade considera que unha forma máis efectiva para recadar suxestións e detectar problemas é a celebración de reunións con representantes de estudantes para avaliar o desenvolvemento dos cursos. Estas reunións serven para detectar desaxustes e adoptar as medidas oportunas para corríxilos. No marco destas reunións tamén xorden propostas de diferente tipo que se trasladan ao órgano que corresponde para a súa valoración e, de ser o caso, aplicación ou traslado ao PMA. Por exemplo, no Máster Universitario en Psicoloxía, a partir da suxestión do estudantado e profesorado nas reunións de valoración do curso, levóuse a cabo unha reorganización de horarios, cambiando de semestre (do 2º ao 1º) unha materia obrigatoria (ver, no informe de execución do PMA, *OC-5AM_C-8*).

En canto ás queixas, suxestións e reclamacións, a Facultade de Psicoloxía recibe un

² A numeración de obxectivos de calidade e acción de melloras corresponde coa que se lle asigna no apdo. 3 deste documento, onde están organizadas e numeradas en función da súa vinculación cos obxectivos do Plan Estratégico (apdo. 3.1).

número moi escaso de queixas e reclamacións formais³. No Decanato da Facultade, en 2020-21 non se rexistrou queixa ningunha, igual que ocorrera nos tres cursos anteriores. Na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) da USC, recibíronse, segundo a súa memoria anual, 12 recursos e ningunha queixa ou reclamación, 10 vinculados ao Grao en Psicoloxía, un ao Máster de Psicoloxía e un ao Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria. Cinco destes recursos foron desestimados, e sete foron estimados total ou parcialmente; dous estiveron referidos ao proceso de validación parcial de estudos estranxeiros, catro aos recoñecementos ERASMUS/SICUE, tres ao recoñecemento de estudos, un á admisión e un á anulación de matrícula.

³ Ver 5064-INF-P-FAC-01_2020_21.pdf

Nota: as referencias a documentos que se fan nesta memoria sen ligazón URL corresponden a documentación dispoñible para os membros das Comisións de Título, a Comisión de Calidade do Centro, a ACMP da USC e, eventualmente, aos auditores externos nos procesos de acreditación, conforme aos cadros do capt. 5 desta memoria.

2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Para o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía rexen os procedementos comúns ao conxunto da USC que están sistematizados no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#). Nel establécense as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos. Compléméntase, xa a nivel do SGC da Facultade, co proceso *PE-02, Revisión e mellora*, que guía o seguimento anual dos ditos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. A normativa que os rexe, a nivel administrativo no ámbito da USC é o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017). Establece, entre outras cuestións, cales son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino. As normativas pódense consultar no sitio web do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC, en concreto en:

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

Os órganos encargados de analizar, anualmente, o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos, e a efectividade das accións de mellora vinculadas aos mesmos, son as CT. Estas avalían o cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, e analízase o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de

coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Unha vez aprobados polas correspondentes CT, os informes de resultados nos que se dá conta desta revisión anual, son trasladados á CCC, que os ratifica e aproba, de ser o caso, as accións de mellora propostas que serán incorporadas ao PMA do Centro. As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (CT e CCC). No caso do deseño de novos títulos, procédese conforme ao proceso institucional citado (*PI-01*) e, no que compete ao Centro (traballo de comisión redactora, aprobación por Xunta de Facultade) queda, igualmente, evidencia nas actas e acordos deses órganos. A continuación, nesta memoria preséntase unha síntese dos informes de resultados das catro titulacións da Facultade de Psicoloxía no curso 2020-21, no relativo ao deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

2.2.1. Grao en Psicoloxía

A CT do GPs realizou, conforme lle corresponde, o seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2020-21. Este seguimento recóllese no informe de resultados que aprobou en abril de 2022⁴.

No que se refire ao **cumprimento da Memoria de Verificación do Título (MVT)**, a CT comprobou no curso 2020-21, como en cursos anteriores, que se desenvolveu o programa formativo do Grao en Psicoloxía conforme ao establecido na MVT e nas modificacións non substanciais posteriores, que se veñen acumulando dende hai algúns anos, recollidas nos sucesivos informes de seguimento.

O **cumprimento dos programas das materias**, publicados e coñecidos polo estudiantado con antelación ao inicio do curso, levouse a cabo sen incidencias no curso 2020-21. Adoptáronse cambios para axustarse á redución da presencialidade física na aula, dacordo ás directrices da USC pola pandemia por COVID-19, que foron planificados e recollidos nos programas no momento da súa aprobación, publicándose na web institucional da Facultade⁴. Ao respecto, o estudiantado valorou satisfactoriamente o desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da COVID-19 (4.34 sobre 5 puntos). Ademais, o grao de satisfacción xeral coa docencia recibida (4.10 sobre 5), tamén pode ser empregado como un indicador do cumprimento cos programas da materia. Nestas enquisas a taxa de participación foi do 38.93%⁵.

Polo que respecta aos **procedementos de coordinación internos da titulación**, no curso 2020-21 continuouse como en cursos previos coa celebración de reunións dos coordinadores de cada un dos catro cursos do Grao co alumnado e, posteriormente, co profesorado. Estas reunións resultaron útiles nun contexto no que a docencia voltou á

⁴ Documento: 2500462_Informe_result_CT_2020_21

presencialidade pero con condicionantes para considerarse segura. O cambio de escenario precisou novamente dun importante labor de coordinación dos equipos de dirección e de coordinadores de curso.

As reunións de coordinación de curso foron útiles para implicar máis directamente aos estudantes e axudaron na detección de desaxustes na carga de traballo entre materias, que identificados puideron ser abordados en tempo. Ao respecto non foi posible obter información fiable das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación, xa que a participación foi moi baixa (5.58%).

No relativo á **adecuación dos perfís de ingreso e de egreso**, compre sinalar en primeiro lugar, respecto do perfil de ingreso, que no curso 2020-21 culminou o proceso de modificación das ponderacións de materias nas probas de avaliación do bacharelato (ABAU) para o acceso ao Grao en Psicoloxía, deixando de considerarse para a parte específica de Física e Química, quedando así: Bioloxía (0.2), Historia da Filosofía (0.1), Matemáticas II (0.1) e Matemáticas Aplicadas II (0.2). O perfil de ingreso mantívose similar ao de cursos previos⁵: cubríronse tódalas prazas de novo ingreso ofertadas (150) e a porcentaxe de matriculados preinscritos en primeira opción foi do 95.33%, similar á do curso 2019-20 (94.67%). A nota de acceso foi 11.20 sobre 14, superior á do curso 2019-20 (10.49). Estes datos sobre o perfil adecuado de ingreso tiveron o seu reflexo nos bos resultados académicos durante o 1º curso: as taxas de éxito foron altas (86.73%) e a taxa de abandono baixa (12.17%), inferior á media xeral da USC (15.96%) e similar ao do curso anterior 2019-20 (12.9%). Respecto da adecuación do perfil de egreso, os datos mais recentes sobre inserción laboral cos que se conta por parte do SIIU e da ACSUG foron xa analizados nos cursos anteriores. Fronte a esta carencia de datos actualizados, pódese considerar como indicativo da adecuación do perfil de egreso no curso 2020-21 a boa valoración dos estudantes por parte dos titores profesionais da materia Prácticum, xa que máis dun 83% obtiveron nesta materia de prácticas externas a cualificación de sobresaínte. Isto reflexa que os/as titores/titoras profesionais consideran que os/as estudantes están adecuadamente preparados para ese primeiro contacto coa práctica da Psicoloxía. Para promover a empregabilidade dos estudantes egresados, a CT propón como acción:

OC: Procurar novos convenios con centros e dispositivos para a realización de prácticas dos distintos títulos do centro, que poidan contribuír tanto á formación do estudantado como á súa empregabilidade (OC-4).

AM: Procura de novos convenios para a realización do Prácticum do Grao en Psicoloxía (AM_C-4).

No que se refire á consecución dos **resultados de aprendizaxe previstos para a titulación**, valórase a partir das taxas de rendemento, de éxito e de avaliación⁶. Os valores mantéñense como en cursos anteriores en niveis satisfactorios, todos por riba da media da USC (88.19, 92.39 e 95.46%, respectivamente). Compre sinalar que as taxas foron algo máis baixas que no curso 2019-20, polo efecto xeral de inflación nese curso nas cualificacións do 2º semestre, por causa da corrección acordada para compensar a avaliación final telemática. Aínda así, a taxa de avaliación do Grao en Psicoloxía no curso

⁵ Indicadores IN01G, IN04G, IN06G e IN40G, no documento 2500462_P.Ind__2020_21

2020-21 é máis alta ca media (94.58%) dos últimos 5 anos.

Por outra banda, pódese facer mención de outros indicadores⁶ da consecución dos resultados de aprendizaxe, como a taxa de graduación, que foi do 81.97%, superior a do curso anterior (70.40%) e superior á media da USC (62.06%). En relación con iso, a duración media dos estudos do Grao en Psicoloxía é de 4.40 anos, un valor moi bo en tanto que non chega nin a un curso de desaxuste respecto do tempo mínimo para cursar a titulación. Ademais, cabe sinalar que a taxa de abandono do 1º curso do Grao en Psicoloxía, calculada conforme ao RD1393/2007, pasou do 16.0% no curso 2019-20 ao 7.38% no curso 2020-21, situándose moi por baixo da media da USC (21.63%).

Por último, no que atinxe á análise de **satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación**, a CT analizou os resultados das enquisas de satisfacción coa titulación⁷. Nas enquisas para os/as egresados/as o grao de satisfacción xeral coa titulación (3.39 sobre 5) é similar ao promedio dos 5 cursos anteriores (3.36) e lixeiramente superior á media da USC (3.11). Nas enquisas do estudantado o grao de satisfacción é de 3.28 e, por último, nas do profesorado o grao de satisfacción global coa titulación é de 4.12. Para os tres grupos de interese, as taxas de participación nestas enquisas son baixas, polo que os datos deben ser tomados con cautela, moi especialmente no caso do estudantado (taxa do 5.58%). As queixas e incidencias tamén poden ser relevantes para detectar aspectos que precisen axustes no desenvolvemento dos programas formativos; neste sentido non se recibiron no Centro, nin noutras instancias, queixas, reclamacións ou incidencias que afectaran ao desenvolvemento do programa formativo do Grao en Psicoloxía⁸.

2.2.2. Master Universitario en Psicoxerontoloxía

A Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI) do MUPXer analizou o desenvolvemento e resultados do título durante o curso 2020-21 no Informe de resultados que aprobou en abril de 2022⁹.

A CCI supervisa o **cumprimento do establecido na MVT**, coordinando o traballo de programación do curso das CT de cada universidade e o calendario académico, para facilitar que o estudantado poida cursar materias noutras universidades distintas daquela na que está matriculado. A CCI considera que no curso 2020-21 deuse cumprimento co establecido na MVT.

Entre as tarefas de coordinación da CCI está tamén a de garantir o **cumprimento dos programas** das materias dacordo co establecido na MVT e a homoxeneidade dos contidos, tanto expositivos como interactivos, en todas as universidades. Isto pódese comprobar nos programas publicados polas universidades participantes¹⁰ que, a teor do

⁶ Indicadores IN37, IN38 e IN41 no documento 2500462_P.Ind_2020_21

⁷ 2500462_INF.09_2020_21; 2500462_INF.22_2020_2021; 2500462_INF.23_2020_2021;

⁸ Documentos: 5064_INF-P-FAC-01_2020_21, Memoria-OAR-2020-21

⁹ 4314476_Informe_result_CT_2020_21

¹⁰ (https://www.usc.es/es/centros/psicologia/curso_2020_21/2020_21_infomst_px.html; <https://www.usal.es/master-psicogerontologia>; <https://www.uv.es/uvweb/universidad/es/estudios-postgrado/masteres-oficiales/oferta-masteres-oficiales/master-universitario-psicogerontologia->

informe de resultados da CCI, satisfán os obxectivos formativos establecidos na MVT e manterían un grao adecuado de homoxeneidade entre as universidades.

O **perfil de ingreso** no Máster correspóndese cos requisitos de acceso que figuran na MVT. No proceso de admisión rexéitanse solicitudes de persoas sin o título de Grao/licenciatura en Psicoloxía ou titulación estranxeira equivalente. A nota media de acceso por preinscrición mantívose en niveis similares á de cursos previos: 7.15 na UB, 7 na USAL, 7.59 na USC e 7.45 na UV. As taxas de ocupación tamén se mantiveron ou melloraron con respecto ao curso previo.

En canto ao **perfil de egreso**, no informe de resultados da CCI considérase que os estudantes adquiriron as competencias acordes co perfil de egreso do profesional da psicoxerontoloxía como profesional da psicoloxía especializado no envellecemento normal e patolóxico. O perfil formativo do título mantén a súa relevancia segundo os requisitos académicos, científicos e profesionais no ámbito da psicoxerontoloxía.

Ademais, segundo o xuízo da CCI, o desenvolvemento de actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e calificación son adecuadas para a **consecución dos resultados de aprendizaxe previstos**, e os resultados alcanzados satisfacen os obxectivos do título. As taxas de avaliación, rendemento e éxito son elevadas nas catro universidades nas últimas edicións e mantiveronse elevadas a pesar da emerxencia sanitaria pola pandemia por COVID-19. Para facilitar o sistema de avaliación do TFM, a CCI propón como acción de mellora:

OC: Avaliar e axustar a oferta formativa da Facultade ás demandas académicas e do eido profesional da psicoloxía (OC-3).

AM: Elaborar unha rúbrica para a valoración do Traballo Fin de Máster, común para as universidades participantes no Máster de Psicoxerontoloxía (AM_C-3.b).

Por último, en canto aos indicadores de **satisfacción coa titulación**¹¹, é elevado o grao de satisfacción xeral dos egresados (4.1 na UB, 4.45 na UV) e o grao de satisfacción coa docencia recibida (4.51 na USC, 4.54 na UV). Ademais, o grao de satisfacción dos docentes tamén é elevado, cunha puntuación de 4.68 no caso da USC e 4.92 no caso da UV.

2.2.3 Master Universitario en Psicoloxía

A CT do Master en Psicoloxía, responsable directa da organización e desenvolvemento da titulación, avaliou o master para o curso 2020-21 na análise que queda reflectida no Informe de resultados aprobado no mes de abril de 2022, e que trasladou á CCC¹². A continuación recóllense os puntos máis relevantes desa análise.

[1285848941532/Titulacio.html?id=1285874213812&plantilla=UV/Page/TPGDetaill;](https://www.uv.es/uvweb/master-psicogerontologia/es/master-universitari-psicogerontologia-1285882578983.html)
[https://www.uv.es/uvweb/master-psicogerontologia/es/master-universitari-psicogerontologia-1285882578983.html;](https://www.uv.es/uvweb/master-psicogerontologia/es/master-universitari-psicogerontologia-1285882578983.html)
[http://www.ub.edu/web/ub/ca/estudis/oferta_formativa/master_universitari/fitxa/P/MOMOV/index.html;](http://www.ub.edu/web/ub/ca/estudis/oferta_formativa/master_universitari/fitxa/P/MOMOV/index.html)
[https://masterpsicogerontologia.com/plan-de-estudios\).](https://masterpsicogerontologia.com/plan-de-estudios)

¹¹ Indicadores IN42, IN46 e IN47 no documento 4314476_P.Ind__2020_21

¹² 4317022_Informe_result_CT_2020_21

Respecto do **cumprimento do establecido na Memoria de Verificación do Título (MVT)**, en liñas xerais, durante o curso 2020-21 cumpríuse co establecido nesta, se ben, de acordo coas accións de mellora propostas no Informe de resultados do curso 2019-20, leváronse a cabo 2 modificacións non substanciais na MVT: 1) cambio do segundo ao primeiro semestre da materia “Análise da realidade social: Fundamentos da intervención social e comunitaria” (AM_C-8), e 2) solicitude de inclusión no plan de estudos dunha nova materia optativa, “Intervención en Psicología Ambiental”, vinculada á Especialidade en Psicología da Intervención Social e Comunitaria (AM_C-1). Ambas modificacións incorporáronse na planificación para o curso 2021-22.

Polo que respecta aos programas das materias, tanto no primeiro como no segundo semestre, **cumpriuse co establecido nos programas** aprobados polos Departamentos responsables e conformes co recollido na MVT (disponibles na páxina web da Facultade, no apartado de información académica do Máster¹³). A única excepción a este respecto é a referida ao período de realización das prácticas externas na Especialidade de Psicología da Intervención Social e Comunitaria, polas restricións de aforo e desprazamento vixentes pola pandemia que afectaron á dispoñibilidade dos centros cos que a Facultade e a titulación teñen establecidos convenios para a acollida do alumnado en prácticas. Esta alteración respecto do previsto afectou unicamente ao momento de realización das prácticas, que se houbo de ampliar; non se viron afectadas a estrutura, os contidos ou as condicións de realización.

Os **procedementos de coordinación** leváronse a cabo a través das reunións da Comisión do Título, e das reunións das coordinadoras do título e coordinadoras de cada unha das especialidades. Ao longo do curso 2020-21, leváronse a cabo 10 reunións da Comisión para a planificación dos procesos docentes e de funcionamento xeral do título, cuxos acordos fanse públicos na páxina web da Facultade, no apartado de Calidade¹⁴. Celebráronse tamén distintas reunións das coordinadoras co estudantado e/ou os/as delegados/as para a análise do desenvolvemento das actividades académicas. Igualmente, leváronse a cabo reunións co profesorado, nas que ademais de dar conta das suxestións e comentarios realizados polo alumnado, se recolleron as súas apreciacións e suxestións para a mellora do título. Como consecuencia da información recabada nestas reunións, a CT adopta a decisión de complementar a formación metodolóxica do Máster concretada na seguinte acción de mellora:

OC: Avaliar e axustar a oferta formativa da Facultade ás demandas académicas e do eido profesional da psicología (OC-3).

AM: Complementar a formación en metodoloxía cuantitativa que se imparte en dúas materias obrigatorias do Máster en Psicología, organizando un seminario ou curso específico de metodoloxía cualitativa (AM_C-3.a).

¹³ <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-psicologia>, clicando en “Plan de estudos por curso”, seleccionar curso 2020-21

¹⁴ https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/keGfJ6STjfrIK_CbkSqTsqBR-gAPMk4sKw9RuaCT2xg/1647349505/public/documents/2022-03/Acordos_CT_MUPs_2020_21.pdf

No tocante a adecuación dos **perfis de ingreso e egreso** da titulación, con respecto aos indicadores de perfil de ingreso¹⁵, o número de prazas ofertadas anualmente para as dúas especialidades é de 24, cun incremento, con respecto ao curso anterior, da matrícula (de 17 a 21 estudantes) e a taxa de ocupación (do 70.83% ao 87.50%). A nota media de acceso foi de 7.80, lixeiramente superior á do curso anterior (7.38). A principal procedencia do estudantado foi a propia comunidade autónoma e a USC (62.16%), como no curso anterior, se ben nunha porcentaxe menor (76.47% no 2019-20). En liñas xerais, pódese concluír que tanto pola súa nota de acceso, como pola súa motivación e a diversidade de procedencia, o perfil de acceso axústase aos requerimentos do título. E con respecto á formación previa do estudantado, cabe mencionar que a percepción do profesorado do Máster sobre este aspecto é elevada, xa que outorgan unha puntuación de 4.12 sobre 5 no ítem da enquisa oficial da USC sobre valoración da docencia impartida referente a si “*o nivel co que chega o alumnado... é suficiente...*”¹⁶. Polo que respecta ao perfil de egreso da titulación, no curso 2020-21 rematou a súa primeira promoción, polo que aínda non se dispón de datos específicos e contrastados sobre inserción laboral. Non obstante, pódese facer referencia aos resultados dos/as egresados/as na materia Prácticum, a que máis se asimila á práctica profesional, xa que se realiza en dispositivos, centros e grupos de investigación, baixo a supervisión de psicólogos/as en exercicio. As cualificacións dos/as titores/as externos (que constitúen o 75% da nota final na materia) e os seus comentarios poden ser un bo indicativo da preparación profesional do alumnado do Máster. Neste sentido, cabe destacar que a nota media na materia foi de 9.3, cun 86.6% do alumnado con cualificación de sobresaliente, e que os comentarios realizados pola maioría dos/as titores/as profesionais foron moi positivos.

Os **resultados da aprendizaxe** previstos para a titulación alcanzan valores moi satisfactorios, tal como se reflicte nas taxas de avaliación, rendemento e éxito¹⁷ (97%, 97% e 100% respectivamente), con valores superiores á media dos acadados no conxunto dos estudos de Máster da USC (90%, 90% e 99% respectivamente), e tamén lixeiramente superiores aos acadados no curso anterior (94%, 94% e 100% respectivamente). A taxa de eficiencia (rendemento dos/as egresados/as) foi do 99.76% e a súa taxa de éxito do 100%¹⁸. Finalmente, a taxa de graduación foi do 100%, cunha duración media dos estudos de 2 anos¹⁹.

Finalmente, para dar conta da **satisfacción dos diferentes grupos de interese coa titulación**, cóntase cos resultados nas enquisas oficiais de satisfacción coa titulación, tanto as dirixidas aos estudantes como as dirixidas ao profesorado²⁰. Respecto das primeiras, é preciso sinalar a baixa participación do estudantado (17.39%), sendo a súa valoración global do curso 2020-21 de 3.53 sobre 5. A súa máxima valoración foi para os ítems sobre recursos educativos e infraestruturas (puntuación 5 en ambos os dous casos)

¹⁵ Indicadores IN01M, IN04M, IN06M, IN12M, IN13M no documento 4317022_P.Ind__2020_21

¹⁶ 4317022_INF.14_2020_2021

¹⁷ Indicadores IN34, IN35 e IN36 no documento 4317022_P.Ind__2020_21

¹⁸ Indicadores IN53, IN50 no documento 4317022_P.Ind__2020_21

¹⁹ Indicadores IN37, IN38 no documento 4317022_P.Ind__2020_21

²⁰ 4317022_INF.22_2020_2021; 4317022_INF.23_2020_2021

fronte á puntuación inferior outorgada, para o ítem referido á distribución da carga de traballo (2.5). Polo que respecta aos datos da enquisa do profesorado, cunha participación do 35.56%, a valoración global foi de 4.32, e só nun dos 19 ítems a puntuación foi inferior a 4, o referido a coordinación entre docentes (3.63). Como se pode apreciar tanto nas enquisas de alumnado como profesorado faise unha boa valoración das infraestruturas e equipamentos, relacionada probablemente coas accións levadas a cabo na Facultade, das que se dará conta no apartado correspondente.

2.2.4 Máster Universitario en Psicología Xeral Sanitaria

O desenvolvemento do programa formativo do MUPXS foi analizado pola súa CT, e quedou reflectido no Informe de resultados que aprobou no mes de abril de 2022²¹.

No tocante ao **cumprimento da MVT**, o informe de resultados recolle que, durante o curso académico 2020-21, seguiu-se o establecido na MVT, desenvolvéndose o programa formativo de acordo co fixado nese documento.

En canto ao **cumprimento cos programas** das materias, éstes aplicáronse conforme ao aprobado (sempre nos prazos establecidos), coa debida supervisión da CT. Neste contexto leváronse a cabo pequenos axustes na actualización dos programas, en contidos, intentando dar maior visibilidade á docencia interactiva, diferenciándoa da expositiva, así como actualización bibliográfica. Todos os programas foron adaptados incluíndo un plan de continxencias no que se indicaban as posibles modificacións en canto á metodoloxía de ensinanza e o sistema de avaliación en caso de ser necesario debido a posibles variacións da situación sanitaria relacionada coa pandemia. Estas adaptacións e cambios constan nos programas publicados na web propia do Máster²², xunto con toda a información académica do título referida ao curso 2020-21.

Os **procedementos de coordinación** docente no curso 2020-21 leváronse a cabo a través de reunións cos/coas estudantes e cos/coas docentes do Máster, tanto no primeiro coma no segundo semestre, para detectar e corrixir duplicidades e lagoas. No primeiro semestre o alumnado fixo unha valoración positiva da docencia, se ben solicitou unha maior retroalimentación dos traballos que se realizan durante o semestre, o que foi trasladado á Comisión do Título. Na reunión do segundo semestre a representante do estudiantado sinalou que, en xeral, non existían problemas de organización/coordinación entre as materias.

No relativo á adecuación dos **perfis de ingreso e de egreso**, os indicadores de perfil de ingreso²³ indican que se mantén unha elevada demanda, con 407 solicitudes para 33 prazas, das que, por razóns administrativas alleas á titulación, foron ocupadas 32 (taxa de ocupación 96.97%). Un 28.57% dos estudantes proceden doutras universidades do Estado distintas da USC. A nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician

²¹Documento 4314881_Informe_result_CT_2020_21

²² <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-saude/master-universitario-psicologia-xeral-sanitaria>, clicando en “Plan de estudos por curso”, seleccionar curso 2020-21

²³ Indicadores IN01M, IN04M, IN06M, IN12M, IN13M no documento 4314481_P.Ind__2020_21

estudos mantén o perfil ascendente, acadando un 8.28 no curso 2020-2021. A titulación de procedencia foi en todos os casos Grao de Psicoloxía, axustándose ao perfil previsto na MVT. Con respecto ao perfil de ingreso, o cambio na normativa motiva que a CT propoña como acción de mellora a modificación da MVT:

OC: Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos (OC-2).

AM: Modificación substancial da memoria do título de Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2023-2024 (AM_C-2).

Respecto dos indicadores do perfil de egreso²⁴, a taxa de éxito continúa sendo moi elevada (99.28%), e a duración media dos estudos mantense estable en 2 anos e a taxa de abandono no 0% (fronte ao 6.55% de media da USC). En relación coa empregabilidade dos egresados, en ausencia de informes do SIIU ou a ACSUG, a CT planeara incorporar unha enquisa no curso 2020-21 pero non foi posible debido á necesidade de concentrarse en tarefas mais urxentes relacionadas coa incidencia da pandemia. Non obstante, púxose en marcha no curso seguinte e os datos recollidos entre decembro e xaneiro de 2022 referentes aos egresados de promocións previas (n=33), indicaban que un 88% dos que contestaron conseguiron traballo e un 53% xa traballaban.

A consecución dos **resultados de aprendizaxe previstos** continúa a ser moi positiva e os indicadores reflicten unha evolución moi favorable que supera as estimacións previstas na Memoria. En conxunto, os indicadores de resultados do título (taxas de rendemento, éxito e avaliación)²⁵ acadaron valores moi bos, superando os obxectivos inicialmente propostos: 97.3% para as taxas de rendemento e 100% para a taxa de éxito. A taxa de graduación sitúase no 96.5%.

Por último, en referencia ao **grao de satisfacción coa titulación** dos distintos grupos de interese, cóntase coas enquisas oficiais da USC²⁶, que amosaron unha satisfacción dos estudantes coa docencia recibida de 3.92 sobre 5; do profesorado coa docencia impartida de 4.4; e dos/as egresados/as de 3.32. Débese ter en conta que a participación do alumnado na enquisa foi do 36.6% e que durante o curso 2020-21 a docencia impartíuse baixo as medidas de protección impostas durante a pandemia e durante o primeiro mes do segundo semestre de xeito telemático, o que puido afectar ao grao de satisfacción do alumnado. Ademais, respecto da satisfacción dos/as egresados/as, cómpre sinalar que a participación na enquisa foi tan só do 18.18% dos destinatarios (i.e., alumnado titulado até o curso 2019-20). Non constan queixas ou reclamacións relacionadas co desenvolvemento do programa formativo.

²⁴Indicadores IN50M, IN38M, IN41M, no documento 4314481_P.Ind__2020_21

²⁵ Indicadores IN34, IN35 e IN36 no documento 4314481_P.Ind__2020_21

²⁶ 4314481_INF.22_2020_2021; 4314481_INF.23_2020_2021; 4314481_INF.09_2020_21

2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

Admisión do alumnado (acción de captación).

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

Mobilidade.

Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

Avaliación da aprendizaxe.

Prácticas externas.

Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Os procedementos que rexen a organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e avaliación ao longo da vida académica do alumnado sintetízanse en diversos procesos chave do SGC da Facultade de Psicoloxía: *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas.* A través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

Ao tempo, o marco normativo que regula a vida académica dos e das estudantes, desde a admisión até o momento da obtención do título establécese para a USC con carácter xeral, mediante normativas e regulamentos aprobados polo seu Consello de Goberno que, nalgúns casos, poden concretarse en normativas específicas para cada centro ou titulación.

As principais normativas poden consultarse nos seguintes enderezos web: <https://www.usc.gal/gl/normativa/Alumnado/index.html>. Neste sitio pódense consultar:

- Estatuto do Estudiantado
- Normativa de Permanencia
- Normativa de Avaliación
- Normativa de Asistencia a clase

- Admisión (ABAU, deportistas de alto nivel, traslados, requisito de idioma, maiores de 40 anos)
- Matrícula (convocatoria anual)
- Mobilidade (regulamento de intercambios interuniversitarios)
- Valoración de expedientes
- Recoñecementos (de estudos e competencias, de estudos de formación profesional, de experiencia profesional)
- Regulamento de Prácticas académicas externas
- Regulamento de Matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster
- Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster
http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html e/ou
https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0320_masters.html
- Normas de desenvolvemento dos títulos de grao da USC
- Acordo sobre extinción de planos de estudo de grao e máster verificados
- Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC

Na web da Facultade de Psicoloxía recóllense os desenvolvementos específicos de normativas ou regulamentos xerais que requiren adaptación para o Centro ou as Titulacións²⁷:

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de fin de Grao da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (CG de 10/07/2018)
- Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (CG 19/07/2018)
- Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster Universitario en Psicoloxía (Xunta de Facultade 03/07/2021)
- Normativa para a dispensa de asistencia a clase do Grao en Psicoloxía da USC (Xunta de Facultade 27/11/2012, modificada en Xunta de Facultade 18/12/2017)
- Normativa para o cambio de grupo da Facultade de Psicoloxía da USC (Xunta de Facultade, 22/07/2013)
- Regulamento do Prácticum do Grao en Psicoloxía Universidade de Santiago de Compostela (Xunta de Facultade, 20/07/2012)

Ademáis, no curso 2020-21 aprobáronse diversas normativas ou instrucións por mor da COVID-19, que se poden consultar no recopilatorio recollido na páxina da web da USC: <https://www.usc.gal/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa>. Entre elas, destacar:

- Resolución reitoral do 2 de setembro de 2021 pola que se dispoñen medidas fronte á COVID-19 para o inicio do curso 2020-2021.
- Instrución da Secretaría Xeral 7/2020 sobre cambio nas datas de realización de exames por incidencia da COVID-19
- Instrución 5/2020 da secretaría xeral pola que se establecen medidas para un uso seguro

²⁷ <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-psicologia/arquivo>

dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020/2021

- Instrución da Xerencia de 27 de xaneiro de 2021 pola que se dispoñen medidas para a aplicación da orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do covid-19 na comunidade autónoma de Galicia.
- Instrución III/ 2021 da Xerencia de 16 de febreiro de 2021 pola que se dispoñen medidas para a aplicación da orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do covid-19 na comunidade autónoma de Galicia.

Todo este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos. As CT en primeira instancia, e a CCC en segunda, analizan e informan anualmente do desenvolvemento destes procesos, dos indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación en cada unha das titulacións. A continuación, sintetízanse as conclusións destas análises, recollidas máis extensamente nos informes de resultados das correspondentes titulacións.

2.3.1. Grao en Psicoloxía

Os **procesos de admisión e ás accións de captación** de alumnado do GPs réxense pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da Facultade á hora de determinar criterios de admisión limítanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario de Galicia (SUG). En relación con elo, como se indicou en 2.2.1, para o curso 2020-21 completouse un axuste nas ponderacións de materias específicas nas ABAU. No relativo ás accións de captación, coa finalidade de captar aos/ás mellores estudantes de secundaria de Galicia e que cheguen coa mellor orientación posible, dende a Facultade de Psicoloxía continuouse participando nas diversas iniciativas do programa A Ponte da USC. No curso 2020-21, dada a situación da pandemia, algunhas iniciativas non puideron realizarse e outras tiveron que modificar o formato habitual a telemático. Así, participouse na iniciativa de *Encontros virtuais na zona USC*, en marzo de 2021, levando a cabo presentacións telemáticas e videoconferencias, tanto co profesorado como co estudantado do GPs, dirixidas a estudantes de bacharelato.

Na titulación do GPs presenta particular relevancia o proceso de **recoñecemento de créditos** (validacións), toda vez que conta cun número significativo de estudantes que acceden por traslado de expediente. No curso 2020-21 tramitáronse 42 solicitudes de recoñecemento de créditos (o 6% dos matriculados): a 1 non se lle recoñeceu ningún crédito; os 41 restantes oscilaron entre 6 e 99 créditos recoñecidos (media 39). As

solicitudes corresponderon, na inmensa maioría (31 solicitudes) a materias cursadas en Graos de Psicoloxía doutras universidades (principalmente a UNED, con 23 solicitantes). A solicitude á que non se recoñeceu ningún crédito era un título de FP en Lingua de Signos. En xeral, pódese considerar que hai unha sistemática de recoñecemento de créditos adecuada, sendo a tardanza na tramitación o principal inconveniente, se ben coa aquiescencia do profesorado para a incorporación provisoria dos estudantes antes da resolución dos expedientes, pode solventarse parcialmente. Aínda así, o proceso de recoñecemento de créditos é dos máis sensibles e non é infrecuente que dea lugar a reclamacións, case sempre parciais (é dicir, por non ter recoñecido algunha materia en concreto). Así, neste curso presentáronse, a través da Oficina de Análise de Procedementos e Reclamacións, 3 recursos relativos a estes procesos, resultando un deles estimado e os outros dous desestimados.

No curso 2020-21 continuouse cos **procesos de orientación académica e profesional** do GPs de acordo ao Plan de Acción Titorial²⁸ na liña de cursos anteriores, se ben algúns con adaptacións por motivo da situación da epidemia por COVID-19. En concreto, a *Xornada de Acollda* tivo que ser substituída por un correo informativo de benvida e presentacións telemáticas, o *Curso introdutorio á Biblioteca* tamén houbo de ser substituído por información telemática e o *Curso de Ética e Deontoloxía* para estudantes de 4º curso levouse a cabo en formato non presencial. Outras actividades do plan (charlas informativas sobre mobilidade, práctica profesional, estudos de máster, sesión informativa de Prácticum e TFG, titorización de estudantes deportistas de alto nivel) leváronse a cabo sen incidencias, mentres que para a información sobre emprego contouse coa plataforma de comunicación cos egresados (Facebook). No informe de resultados da titulación están dispoñibles datos de satisfacción con estas actividades. En concreto, en relación cos procesos de orientación académica e profesional, a CT propón as seguintes accións de mellora:

OC: Fomentar a participación do estudantado en programas de formación extracurriculares, e nos programas de voluntariado (OC-5).

AM: Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía como titores no Programa A Ponte (AM_C-5).

OC: Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio, nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía (OC-7).

AM: Fomentar a participación de profesionais dedicados a eidos de especialización psicolóxica novidosos e en auxe en ciclos de charlas dirixidos a alumnado do Grao en Psicoloxía (AM_C-7.b).

En relación coa **mobilidade de estudantes**, o primeiro que corresponde sinalar respecto da mobilidade entrante é a redución do número de estudantes recibidos. No marco da situación de pandemia a taxa de alumnos/as que chegaron ao GPs no curso 2020-21 a través dos programas de mobilidade (1.88%) foi claramente inferior ao do curso anterior (6.49%). Esta baixa taxa de alumnado afectou á posibilidade de recadar indicadores de satisfacción. Respecto da mobilidade saínte, 6 alumnos/as da Facultade de Psicoloxía

²⁸ <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-psicologia/plan-accion-titorial>

aceptaron participar e finalizaron a súa formación en programas de mobilidade (5 no programa SICUE e 1 no Erasmus+). A satisfacción do alumnado saínte cos programas de mobilidade foi de 4.51 puntos sobre 5, supoñendo isto un aumento considerable con respecto a anos previos.

No que atinxe ás **metodoloxías de ensino e de avaliación da aprendizaxe**, neste curso foi esencial novamente a coordinación entre os/as responsables de áreas de coñecemento, os departamentos, a titulación e a Facultade. Se ben durante o 1º semestre a docencia desenvolveuse nun contexto de presencialidade segura, os estudantes valoraron satisfactoriamente o desenvolvemento académico. Asemade, manifestaron estar satisfeitos coa coordinación entre materias e a secuenciación do calendario de tarefas. No 2º semestre, o incremento de casos positivos por COVID-19 tras as vacacións de Nadal, fixo que as autoridades autonómicas suspenderan a presencialidade lectiva durante as primeiras catro semanas do semestre. Compre sinalar que a planificación do curso na USC contemplaba que os programas das materias prevesen o denominado "Escenario 3", para o caso de que houbera que suspender a presencialidade, polo que en todas as materias se puido afrontar este breve lapso nesa situación sen maiores incidencias. Polo que respecta á avaliación da aprendizaxe, nos dous semestres realizáronse as probas de modo presencial, gardando sempre as medidas de seguridade sanitaria vixentes.

A enquisa de satisfacción do alumnado cos diferentes aspectos da docencia recibida reflicte que, a pesares dos cambios xerados polas medidas de seguridade en relación coa presencialidade, o grao de valoración global é positivo (4.16 sobre 5). O nivel global de satisfacción do profesorado coa docencia impartida alcanzou unha valoración positiva similar (4.09). No informe de resultados da titulación expóñense con maior detalle datos sobre estas valoracións.

Por outra banda, respecto das demandas de **necesidades específicas ou adaptacións curriculares**, no que colabora o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), cabe indicar que non consta ningunha que non puidera ser atendida de modo ordinario polo profesorado.

Os **resultados da aprendizaxe das materias** ordinarias durante o curso 2020-21 volveu a amosar datos moi positivos, como en cursos precedentes, se ben na comparación co curso anterior é preciso ter en conta as circunstancias excepcionais nas que se desenvolveu por mor da pandemia, en particular no relativo á avaliación das materias. Con todo, no curso 2020-21, recuperada a presencialidade na docencia, aínda que con condicionantes, e na avaliación, os indicadores relativos aos resultados da aprendizaxe das materias ordinarias (excluídos Prácticum e TFG, créditos por actividades transversais, etc.) mantéñense en niveis moi elevados e na maioría dos casos incluso superiores aos dos cursos 2017-18 e 2018-19, tanto para a taxa de rendemento (89%), como de avaliación (95%) e éxito (93%). No Informe de resultados da CT preséntase máis pormenorizadamente esta comparativa cos anos previos.

As **prácticas externas** (Prácticum, materia obrigatoria de 12 créditos) realízanse no marco do Regulamento de Prácticas Externas da USC e dos convenios indicados no apartado 2.5 desta memoria. No curso 2020-21, matriculáronse 171 alumnos/as no Prácticum e 169 chegaron a rematar as prácticas tralo período oficial (do 5 de abril ao 31

de maio). Neste curso no momento de contactar cos centros, algúns/has alumnos/as tiveron que ser re-assignados a outros dispositivos debido fundamentalmente as consecuencias aínda presentes na organización e xestión dos centros por mor da situación de pandemia. En calquera caso, os resultados das enquisas de satisfacción institucionais mostran valoracións positivas con respecto ás prácticas externas: a satisfacción dos estudantes foi de 3.4 puntos sobre 5 e a satisfacción dos titores profesionais foi de 4.5, pero non constan datos sobre a satisfacción dos titores académicos no curso 2020-21. A enquisa de satisfacción propia que cobre o alumnado ao finalizar as prácticas mostra valoracións tan positivas coma en anos previos, sendo a puntuación de satisfacción global de 4.4 puntos sobre 5. Para datos máis detallados sobre estas enquisas de satisfacción pode ser consultado o informe de resultados do título.

Mencionar, finalmente, en relación coas prácticas externas, que os resultados da aprendizaxe foron moi bos, similares aos de cursos previos, cun 83.43% de cualificacións no máximo nivel (Sobresaliente ou Matrícula de Honra).

Polo que respecta aos **Traballos de fin de grao** (TFG), a oferta e o proceso de asignación para o curso 2020-21 non sufriu cambios respecto a cursos anteriores e desenvolveuse sen incidencias: a oferta inicial, en xullo de 2020, foi de 188 temas, pero asignáronse finalmente en outubro 196 traballos (cifra lixeiramente superior á de cursos previos). Polo que respecta á titorización e defensa, neste curso volveuse á presencialidade (baixo os parámetros de presencialidade segura definida no protocolo COVID-19 da USC) tanto na titorización como nas defensas dos traballos nas convocatorias de xullo e setembro, se ben aínda en febreiro estas defensas foron telemáticas. Tamén se volveu á defensa e avaliación dos TFG ante tribunal. Defendéronse o 81% dos traballos asignados, cunha porcentaxe do 99% de aprobados (80% dos asignados). Estes valores siguen manténdose como similares aos de cursos anteriores.

A valoración do alumnado co proceso de TFG no curso 2020-21 é en xeral moi boa, outorgando puntuacións entre 4 e 4.4 sobre 5 e a do profesorado de 3.8, ambas similares ás outorgadas en cursos previos á pandemia por COVID-19. Respecto aos índices de satisfacción xeral, sitúanse como en cursos anteriores por riba do 7 (sobre 10 puntos), tanto para estudantes como profesorado. No informe de resultados do título recollense datos máis detallados sobre estas valoracións.

Por último, indicar que os datos de **satisfacción, queixas e suxestións** relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe referentes ao GPs no curso 2020-21, fóronse comentando nos epígrafes precedentes. Como se pode apreciar, cóntase con indicadores de satisfacción, vía enquisas da USC ou propias, practicamente de todos os procesos relevantes, e retomáronse as reunións cos grupos de interese. En canto a queixas ou reclamacións formais, deuse conta máis arriba das únicas das que hai constancia, que afectaron ao recoñecemento de estudos.

2.3.2 Máster Universitario en Psicoxerontoloxía

No MUPXer, é a CCI, conformada polos coordinadores do máster en todas as

universidades, quen analiza a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título. Do seu informe de resultados, trasladado á CCC, recóllense aquí as principais conclusións:

Respecto dos procesos de **admisión do alumnado e accións de captación**, cabe recordar que o Máster está especificamente orientado ás competencias propias dos profesionais do campo da psicoloxía do envellecemento e a psicoxerontoloxía, polo que soamente se admiten persoas graduadas/licenciadas en psicoloxía ou con titulación estranxeira equivalente. A situación de pandemia interferiu, durante o curso 2020-2021, coas accións específicas de captación do alumnado, tendo que ser virtuais as charlas destinadas á información sobre o Máster ao alumnado dos últimos cursos do grao de psicoloxía na UB e a UV.

No curso 2020-21 non se levaron a cabo procesos de **recoñecemento de créditos** en ningunha das universidades participantes.

Polo que respecta á **orientación académica e profesional**, puideron organizarse ao comezo do curso actividades: de acollida aos novos estudantes, como presentacións iniciais do máster e titorías individualizadas, así como xornadas sobre aspectos profesionais no eido da psicoxerontoloxía. Cabe mencionar que na UV desenvolveuse o programa de mentorazgo “Shadowing”, específico para alumnado de Máster, e no que participa o Máster de Psicoxerontoloxía.

A **metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe** das materias ordinarias do MUPXer adecúase ao recollido na MVT. O tamaño dos grupos, que oscila nas diferentes universidades entre 7.86 e 17, considérase adecuado á metodoloxía de ensino e aos obxectivos de aprendizaxe do máster, e permite unha dinámica activa de participación nas clases por parte do alumnado. Nas universidades con información dispoñible o grao de satisfacción coa docencia é bo, tanto coa recibida (de 4.51 na USC a 4.54 na UV, sobre 5), como coa impartida (de 4.68 na USC e 4.92 na UV, tamén sobre 5). No curso 2020-2021 as clases leváronse a cabo de xeito presencial coas medidas de prevención establecidas por cada Universidade e Facultade participante, excepto: 1) na UB, na que só foron presenciais dúas materias durante o mes de outubro; 2) durante o cuarto módulo, impartido nos meses de xaneiro e febreiro de 2021, nos que a situación sanitaria fixo precisa a volta ás clases virtuais tamén en USC e UV. As modificacións precisas para adaptar a docencia á non presencialidade foron recollidas nos programas das materias a través dos plans de continxencia establecidos por cada Facultade participante, e non supuxeron modificacións nos obxectivos das materias nin nas competencias conseguidas polo alumnado do Máster.

No relativo aos **resultados de aprendizaxe das materias**, no informe de resultados recóllese que as taxas de avaliación, rendemento e éxito se manteñen elevadas nas catro universidades, como nas últimas edicións a pesar das medidas pola situación sanitaria pola pandemia.

En canto ás **prácticas externas**, desenvólvense a partir de Convenios entre as Facultades participantes e centros de distintas tipoloxías de atención a persoas maiores que inclúen

atención psixoxerontolóxica especializada a través de profesionais da psicoloxía en plantilla. O grao de satisfacción por parte do alumnado coas prácticas externas é elevado (4.24 sobre 5 na USAL, 4 na USC, 4.13 na UV). Ao respecto compre indicar que no curso 2020-2021 se implementou unha avaliación homoxénea para as universidades participantes sobre a satisfacción do alumnado coas prácticas externas.

Para rematar, en canto á información derivada dos indicadores de **satisfacción, queixas e suxestións** relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, sinalar que os datos de satisfacción dos que se dispón xa foron comentados. Non hai constancia de que se formalizase ningunha queixa ou reclamación relativa á titulación nesta universidade.

2.3.3 Máster Universitario en Psicoloxía

No relativo aos **procesos de admisión e accións de captación** no curso 2020-21, compre indicar que o sistema de admisión no MUPs baseouse na aplicación do requisito establecido na MVT de posuír unha titulación de grao en Psicoloxía. Neste curso leváronse a cabo actividades de promoción do Máster recollidas como acción de mellora (AM_C-15) na Memoria de Calidade da Facultade do curso 2019-20. De acordo con esa acción, promocionouse o Máster tanto a través do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como na propia Facultade. Tamén se solicitou a inclusión do Título nas actividades de promoción internacional organizadas polo Servizo de Captación Internacional da USC. Non obstante, esta actividade adiouuse para a súa realización no curso 2021-22. Tendo en conta que non se puido realizar esta actividade de promoción internacional, propónse continuar con esta acción de mellora para o curso 2021-22.

O proceso de **recoñecemento de créditos** non foi de aplicación por non haber solicitudes neste segundo curso que se celebra o máster.

No tocante aos **procesos de orientación académica e profesional**, as actividades máis salientables realizadas no curso 2020-21, inclúen por unha banda a Xornada de acollida, en setembro de 2020, na que se presentou o contido académico e os perfís laborais de cada especialidade do Máster. Por outra banda estaría a participación, ao longo de todo o curso, de profesionais en exercicio convidados no marco de distintas materias, para presentar ao alumnado as actividades profesionais vinculadas á intervención social e comunitaria. Dada a boa acollida destas colaboracións, propónse como acción de mellora a súa sistematización e incremento de cara a vindeiros cursos.

OC: Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio, nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía (OC-7).

AM: Incrementar a participación de profesionais en exercicio no Máster en Psicoloxía, invitando a psicólogos/as de distintos eidos de especialización a impartir charlas sobre o seu traballo (AM_C-7.a).

Nesta mesma liña, na procura de promover a futura empregabilidade do estudantado egresado do Máster, e seguindo as iniciativas de fomento das estratexias de “apendizaxe-servizo”, promovidas pola Consellería de Educación e a USC, propónse como acción de mellora:

OC: Diseñar e desenvolver contidos formativos centrados na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres (OC-6).

AM: Promover a orientación profesional dos contidos impartidos no Máster de Psicoloxía, incluíndo proxectos de “aprendizaxe-servizo” naquelas materias máis directamente enfocadas á intervención (AM_C-6.a).

A **metodoloxía de ensino e de avaliación da aprendizaxe**, axustouse ao recollido nos programas das materias, coa excepción do previsto nas materias Prácticum e TFM. Con respecto á primeira, como se mencionou anteriormente, foi preciso alongar o tempo de realización das prácticas durante todo o curso académico pola situación da epidemia, e debido ás restricións nos desprazamentos a CT autorizou a solicitude de dous estudantes para realizar as prácticas en centros do seu lugar de residencia familiar, fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Pola mesma razón, a Comisión autorizou a ambos estudantes a defensa telemática do TFM.

A este respecto a CT realizou unha extensa análise da satisfacción coa docencia que se recolle no seu informe de resultados do curso 2020-21, da que aquí se recollen só os aspectos máis salientables. De acordo cos resultados das enquisas oficiais da USC, a media da satisfacción global do estudiantado coa docencia recibida é moi positiva, de 4.17 e similar á do curso anterior (4.23). Polo que se refire á valoración do profesorado con respecto á docencia impartida, os datos son tamén moi positivos, cunha media global de 4.24, moi similar á do curso anterior (4.29). A participación nas enquisas foi elevada entre o alumnado (78.26%) e observouse un incremento importante na participación do profesorado, pasando do 20.93% no curso 2019-2020, ao 56.41% no 2020-21. Por último, sinalar que estas valoracións, en xeral positivas, coinciden coas apreciacións realizadas nas reunións mantidas co profesorado e alumnado. Nestas reunións sinaláronse tamén suxestións de mellora, que foron tomadas en conta, e que se propoñen como accións a desenvolver no seguinte curso.

OC: Fomentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción (OC-9).

AM: Fomentar a participación do estudiantado nas enquisas oficiais da USC relativas ao Máster de Psicoloxía (AM_C-9.a).

OC: Promover un reparto axeitado das tarefas e cargas docentes dos distintos cursos e semestres en cada titulación (OC-10).

AM: Seguir a traballar na coordinación entre o profesorado das distintas materias do Máster de Psicoloxía de cara a promover criterios consensuados nas actividades formativas e de avaliación (AM_C-10).

Os **resultados da aprendizaxe das materias** do título pódense considerar moi satisfactorios. Os datos referidos ás taxas de avaliación, éxito e rendemento para as materias ordinarias, tanto comúns como as vinculadas a cada especialidade, sitúanse no 100%. Estes datos positivos vense corroborados tamén nos resultados referidos ás cualificacións obtidas: a porcentaxe de estudantes que alcanza puntuacións de notable ou

superiores sitúase por riba do 90%, tanto nas materias comúns como nas das dúas especialidades, mellorando os datos do curso anterior.

Polo que respecta ás **prácticas externas** (materia Prácticum), das 16 personas matriculadas no curso 2020-21, remataron as prácticas 15. En concreto, na Especialidade en Psicoloxía da intervención social e comunitaria realizaron as prácticas 14 estudantes, cunha taxa de avaliación e rendemento do 93.33% e taxa de éxito do 100%. A porcentaxe de cualificacións de notable ou superiores foi do 92.86%. Na Especialidade en Psicoloxía experimental houbo 1 estudante, con taxas de avaliación, rendemento e éxito do 100%, e unha nota acadada de sobresaliente.

A valoración global do Prácticum realizada polos estudantes é satisfactoria nas enquisas oficiais (4.13 sobre 5) e nas propias (4.62), se ben no ítem relacionado con que “A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada” obtivo unha valoración baixa (2.80). Este dato, xunto cos avanzados na descrición dos indicadores de satisfacción coa titulación, fan aconsellable propor una acción de mellora a desenvolver no vindeiro curso:

OC: Diseñar e desenvolver contidos formativos centrados na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres (OC-6).

AM: Incrementar a información que se transmite ao alumnado sobre o Prácticum do Máster en Psicoloxía, organizando reunións especificamente destinadas a este propósito (AM_C-6.b).

Por último, no curso 2020-21 defendéronse 14 **Traballos de Fin de Máster**. En concreto, na Especialidade en Psicoloxía da intervención social e comunitaria defendéronse 13 TFM, cunha taxa de rendemento e de avaliación do 86.67%, e unha taxa de éxito do 100%. As cualificacións foron de notable ou superiores no 71.42% dos casos. Na Especialidade en Psicoloxía experimental o único TFM defendido tivo taxas de rendemento, avaliación e éxito do 100%; e a cualificación obtida foi de sobresaliente.

Por último, en canto á información derivada dos indicadores de **satisfacción, queixas e suxestións** relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, sinalar que os datos de satisfacción dos que se dispón xa foron comentados

2.3.4. Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria

A valoración dos procedementos para garantir a aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no alumnado é realizada pola CT do MUPXS, que a plasma no Informe de resultados que traslada á CCC. Neste epígrafe recompílanse os elementos máis relevantes dese informe aos efectos desta memoria.

Para o **acceso e admisión de estudantes** ao MUPXS, no curso 2020-21 seguíronse os mecanismos e procedementos que figuran na Memoria de Verificación do Título (MVT), exceptuando a condición de que o título de Grao/Licenciatura en Psicoloxía pertenza á rama de Ciencias da Saúde, ao non ser un requisito da Orden Ministerial ECD/1070/2013.

Todos os estudantes admitidos proceden dun Grao/Licenciatura en Psicoloxía con polo menos 90 créditos de carácter especificamente sanitarios, conforme ao que establece a regulamentación do máster. A elevada taxa de demanda desta titulación e o adecuado axuste do perfil de acceso, limitan as **accións de captación** a participar nas charlas informativas que organiza a Facultade de Psicoloxía para os/as estudantes de Grao e, de ser o caso, calquera outra actividade informativa a demanda de terceiros.

No relativo á **orientación académica e profesional** ofrecidas ao alumnado, á marxe do proceso de orientación ao alumnado desde servizos específicos da USC (ver apartado 2.5), a CT organiza unha xornada de acollida o primeiro día de curso onde se proporciona información diversa: da organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias..., así como da web propia do Máster, onde poden consultar toda a información relevante para o desenvolvemento do curso. Tamén se realizan reunións previas á elección do centro de prácticas onde se lles dá a coñecer a oferta de prazas, resólvense dúbidas acerca das características dos dispositivos e lémbrese o procedemento de asignación estudante/centro. Por último, antes de finalizar o 2º semestre, infórmase de novo, nunha reunión, dos aspectos fundamentais do desenvolvemento e procedemento dos TFM. No que respecta á orientación de perfil mais profesional, o alumnado pode participar nas conferencias sobre saídas profesionais que se organizan regularmente dende a Facultade de Psicoloxía, como por exemplo, o “Ciclo de charlas: A práctica profesional da Psicoloxía”, que se desenvolve ao longo do cada ano académico e no que participan profesionais da Psicoloxía do ámbito sanitario.

En canto á **mobilidade**, en tanto que o MUPXS ten estrutura e contidos regulados, dificulta moito atopar estudos semellantes fóra de España e tamén entorpece a flexibilidade necesaria para levar a cabo a mobilidade dentro de España. Dende a implantación do título estase tratando de potenciar a mobilidade no terceiro semestre, mediante a co-tutorización do TFM con outra universidade e/ou a realización do Prácticum I e/ou II en centros sanitarios de fóra de Galicia que cumpran cos criterios esixidos. No curso 2020-21 catro estudantes realizaron o Prácticum (I e II) en centros de fóra de Galicia, indo así en aumento o número de dispositivos alleos á nosa Comunidade Autónoma cos que se establece convenio.

A **metodoloxía de ensino e de avaliación da aprendizaxe** empregada en cada materia están recollidas nas respectivas guías docentes axustadas á MVT, que están publicadas na páxina web do Máster²⁹. Durante o curso 2020-2021 os programas e guías docentes foron actualizados e incluíron un plan de continxencia respecto a metodoloxía de ensinanza e avaliación no caso de que por motivos sanitarios derivados da pandemia se debiera realizar unha docencia semipresencial ou non presencial. De feito este plan foi de aplicación xa que, si ben neste curso retomouse a docencia presencial nun contexto seguro en todas as materias do máster, no primeiro mes do segundo semestre a docencia tivo que ser telemática.

A satisfacción coa docencia, de acordo coas enquisas oficiais da USC³⁰, foi positiva: os/as estudantes valoraron a docencia recibida con 3.92 puntos sobre 5 (taxa de participación

²⁹ <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-saude/master-universitario-psicologia-xeral-sanitaria>

³⁰ IN46, IN48 e IN47 Documento 4314481_P.Ind__2020_21

do 36.6%); e o profesorado valorou a docencia impartida con 4.4 puntos sobre 5.

Respecto á detección de **necesidades específicas e adaptacións curriculares**, esta tarefa é responsabilidade do SEPIU, que comunica ao profesorado as demandas formuladas polo alumnado. Durante o curso 2020-21 non se recibiron comunicacións ao respecto, nin se apreciaron nas reunións de coordinación cos profesores a existencia de estudantes que poidesen requirir adaptacións.

No relativo aos **resultados da aprendizaxe** das materias ordinarias do título durante o curso 2020-21, os indicadores amosan que as cualificacións obtidas nas materias obrigatorias e optativas son satisfactorias, coa maioría das puntuacións nas categorías de notable (63.63%) e sobresaínte (31.81%). Ademais, a valoración global dos resultados de aprendizaxe acadados no curso 2020-21 é altamente positiva, superándose os obxectivos fixados na MVT para todas as taxas: as taxas de avaliación e de rendemento alcanzan o 97.3%; a taxa de éxito é do 100% e a taxa de graduación é do 96.5%. No informe de resultados do título analízanse os datos sobre resultados da aprendizaxe con maior detalle³¹.

As **prácticas externas** supervisadas (materias Prácticum I e II) supoñen, no MUPXS, un terzo dos 90 créditos do programa de estudos. Respecto do seu desenvolvemento no curso 2020-21, compre sinalar que debido a que o Prácticum I correspondente ao curso anterior tivera que ser aprazado polo estado de alarma da pandemia polo COVID-19, os estudantes desta promoción realizaron Prácticum I e II nun único período de 5 meses neste curso (setembro de 2020 a febreiro de 2021). Polo que respecta ao Prácticum I correspondente ao curso 2020-21, aínda que houbo certas dificultades finalmente se logrou oferta de centros presenciais para todo o alumnado. Ante as restriccións nos centros sanitarios colaboradores, se elaborou un plan alternativo en caso de que non fose posible completar todas as horas de actividade presencial/telemática das prácticas, pero afortunadamente non foi necesario implementalo e todo o alumnado puido realiza as prácticas co nivel mínimo de presencialidade esixido. Polo que respecta ao desenvolvemento das prácticas externas, cabe destacar a adecuada coordinación entre titores académicos e profesionais, e a participación altruísta destes últimos, que permitiu que, aínda ante a situación sanitaria que se vivía e as restriccións impostas en moitos dos centros sanitarios colaboradores, non se produciran incidencias destacables que afectasen ao desenvolvemento das prácticas. De feito, a pesar das peculiaridades indicadas para a súa realización polas restriccións sanitarias, o grao de satisfacción do alumnado coas prácticas externas alcanza boa puntuación (4.13/5). De igual forma, a satisfacción dos titores/as profesionais e académicos/as coas prácticas externas foi moi satisfactoria (4 e 4.57/5 respectivamente).

Polo que respecta ao procedemento de avaliación das materias de Prácticum do curso 2020-21, todas foron avaliadas de forma ordinaria á súa finalización, mediante o sistema de rúbrica para as competencias a valorar polo titor profesional e o académico (proporción 70/30). As cualificacións acadadas polo alumnado foron moi boas, no Prácticum II un 87.88% obteñen sobresaínte e no Prácticum I obteñen sobresaínte o 87.30% do alumnado.

En relación co **Traballo de Fin de Máster**, no curso 2020-21 seguiuase a normativa da

³¹ Documento 4314481_INF.15_2020-21

titulación ao respecto e mantivéronse as guías orientativas sobre os tipos de TFM publicadas na web do máster. A asignación de temas-titores/as realizouse seguindo o procedemento habitual (elección dos estudantes segundo expediente académico) en sesión telemática.

O sistema de avaliación por rúbrica do TFM, recollido no Regulamento Interno de TFM, desenvolveuse de forma ordinaria durante o curso 2020-21. Mantívose a posibilidade de realizar a defensa ante tribunal telematicamente, no caso de que se deran circunstancias que impidiran fose presencial, que sería a opción por defecto. Na práctica, a gran maioría dos TFM realizáronse de xeito presencial.

Os resultados obtidos son altamente positivos: presentaron o TFM o 89.2% do alumnado matriculado e aprobaron o 100% dos/as presentados/as. A cualificación maioritaria foi notable (48.5%) seguida do sobresaínte (42.4%).

Para rematar, en relación cos indicadores de **satisfacción, queixas e suxestións**, indicar que os datos de satisfacción dispoñibles, indicados nos distintos epígrafes son, en xeral, bastante satisfactorios.

2.4 Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Na Facultade de Psicoloxía, a garantía e mellora dos procesos relacionados cos recursos humanos (persoal académico e persoal de apoio) réxese polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do Manual de procedementos do SGC. Neste ámbito, a Facultade non ten competencia plena e está sometida a procesos que corresponden a instancias superiores, e que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*.

Tal e como se sinala no SGC, á Facultade compéttelle avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desempeña o seu traballo. A este fin preséntanse, de seguido, os trazos principais da estrutura dos recursos humanos da Facultade de Psicoloxía correspondentes ao curso 2020-2021.

2.4.1. Persoal académico

Tendo en consideración as necesidades dos programas de estudos previstas nas respectivas memorias de verificación das titulacións oficiais adscritas á Facultade de

Psicoloxía, así como o número e distribución de estudantes que as cursan, o cadro de profesorado que imparte a docencia é suficiente e adecuado.

A maioría do profesorado que imparte docencia nos programas formativos da Facultade ten vinculación permanente: 97.26% no Grao en Psicoloxía (excluído do cómputo o Persoal Investigador en Formación), 100% no MUPXS, 72.22% no MUPXer e o 90.63% no MUPs.

As táboas seguintes, amosan as características deste profesorado en función de categoría, titulación e experiencia docente e investigadora.

*Datos do profesorado de cada titulación por categoría*³²

GRAO EN PSICOLOXÍA				
PDI-Categoría	Nº prof.	%	Nº horas	%
Catedrático/a de Universidade	13	17.80	1343	17.50
Titular de Universidade	45	61.64	4830.25	62.96
Contratado Doutor	8	10.95	603	7.86
Axudante Doutor LOU	5	6.84	779.50	10.16
Asociado de Universidade LOU	1	1.37	48	0.62
Contratado posdoutoral Ministerio	1	1.37	67.50	0.88
Total profesorado	73	100	7671.25	100
Persoal Investigador en Formación(*)				
Contr. Predoutoral Ministerio	7		273	
Contr. Predoutoral Xunta	10		585	
Total PIF	17		858	

(*) O persoal investigador en formación, PIF ten horas de docencia en formación, pero non ten responsabilidade docente plena, a súa docencia é supervisada por un PDI que comparte as mesmas horas, de aí que se presente de forma separada.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	3	12.50	104	16.20
Titular de Universidade	17	70.83	432	67.29
Contratado Doutor	4	16.67	106	16.51
Total	24	100	642	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	1	5.56	21	6.10
Titular de Universidade	5	27.78	76	22.09
Contratado Doutor	4	22.22	158.5	46.08
Asociado de Universidade LOU	2	11.11	8	2.33

³² Documentos 2500462_E15_2020-2021, 4314481_E15_2020-2021, 4314476_E15_2020-2021, MUP_E15_2020-2021. A información das táboas pode non coincidir coa que figura neses documentos debido a que aquí se presenta corrixida para diferenciar o profesorado con plena capacidade docente daquelas figuras que poden participar na docencia con finalidade formativa (persoal investigador en formación, PIF / contratados predoutorais).

Axudante Doutor LOU	1	5.56	42.5	12.35
Profesor Interino	1	5.56	16	4.65
Profesor ad Honoren	1	5.56	10	2.91
Profesional área externa	3	16.67	12	3.49
Total	18	100	344	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA

Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	5	15.63	112.5	18.35
Titular de Universidade	16	50.00	297	48.45
Contratado Doutor	4	12.50	46	7.50
Prof. Asociado	1	3.13	42	6.85
Profesor Emérito LOU	1	3.13	21	3.43
Axudante Doutor LOU	3	9.38	73.5	11.99
Profesor área externa	2	6.25	21	3.43
Total	32	100	613	100

Experiencia docente e investigadora do profesorado³³:

Un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos programas formativos é a súa experiencia docente e investigadora, indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente. Nos cadros seguintes detállanse estes indicadores para as titulacións incluídas nesta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o que permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre ás áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

GRAO EN PSICOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	22	28
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	16	41	69
[725] Psicobioloxía	13	41	58
[730] Psicoloxía Básica	13	24	70
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	8	20	37
[740] Psicoloxía Social	9	10	25
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	10	31	46
Total PDI	73	189	333
Ratio por profesor/a		2.6	4.6

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	16	22
[650] Organización de Empresas	1	0	4
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	15	44	72
[725] Psicobioloxía	4	10	19
Total	24	70	117
Ratio por profesor/a		2.95	5

³³ Documentos 2500462_E15_2020-2021, 4314481_E15_2020-2021, 4314476_E15_2020-2021, 4315196_E15_2020-2021

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA (USC)

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[383] Filosofía Moral	1	3	6
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	1	4	4
[725] Psicobioloxía	3	10	16
[735] Psicología Evolutiva e da Educación	4	3	5
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	1	0	2
[745] Psiquiatría	3	3	6
[805] Teoría e Historia da Educación	1	0	4
[P2171] Área externa á USC	4	n.d.	n.d.
Total	18	23	43
Ratio por profesor/a		1.27	2.38

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[345] Filoloxía Inglesa	1	4	6
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	16	22
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	3	7	10
[725] Psicobioloxía	1	2	2
[730] Psicología Básica	10	20	47
[740] Psicología Social	9	10	25
[805] Teoría e Historia da Educación	2	1	7
[P3411] Área externa á USC	2	n.d.	n.d.
Total	32	60	119
Ratio por profesor/a		1.87	3.71

A seguinte táboa dá conta da porcentaxe de profesorado funcionario, profesorado doutor e profesorado con sexenios que imparten docencia en cada unha das titulacións impartidas na Facultade de Psicoloxía, e a comparativa coa media da USC³⁴.

COMPARACIÓN DE INDICADORES COA MEDIA DA USC E DA ÁREA DISCIPLINAR

% sobre o PDI total	Grao		Máster			
	USC	Psic	USC	MUPXS	MUPXer	MUPs
PDI con sexenio	85.47	91.04	89.11	91.67	70	88.89
PDI doutor	84.17	100	90.13	100	85.71	95.35
PDI funcionario	58.56	80.82	60.42	83.33	42.86	69.77

Para o caso do MUPXer, engádese unha táboa con estes datos para as catro universidades:

³⁴ Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2020-2021. Indicar que neste caso non se dispón da información necesaria para excluír do cómputo ao PIF, polo que as porcentaxes que se presentan están infraestimadas en todos os casos, con respecto ás que representan sobre o profesorado con plena responsabilidade docente.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA

% sobre o PDI total	UB	USAL	USC	UV
PDI con sexenio	67	60	70	84.60
PDI doutor	78	100	85.71	100
PDI funcionario	56	65.86	42.86	81.82

Outra información útil para valorar a experiencia investigadora do cadro de PDI é o rexistro de investigadores da Vicerreitoría con competencias nesta materia. Nas súas bases de datos están rexistrados 12 grupos de investigación que aglutinan a máis de 60 profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía que imparten docencia nas súas titulacións.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DOS DPTOS. ADSCRITOS Á FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Código	Nome	Nº PDI Psicoloxía
GI-1414	Avaliación e tratamento das adicións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde Tratapsicológico	5
GI-1416	Unidade de investigación das conductas de risco e os trastornos no desenvolvemento UNDERISK	12
GI-1420	Problemas sociais: Análise, avaliación e intervención Problemas sociais	4
GI-1455	Grupo de investigación en Cognición Humana GRCH	4
GI-1456	Comportamento Social e Psicometría Aplicada COSOYPA	7
GI-1462	Imaxe Mental	1
GI-1806	Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva NECeA	8
GI-1807	Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía NeuCogA-Aging	15
GI-1842	Procesos cognitivos e conduta Cogniciónneconducta	8
GI-1875	Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa AEIPSE	6
GI-1476	Psicoloxía do consumidor e usuario Psicolog.Consumidor	4
GI-4780	Grupo de Investigación en saúde mental e psicopatoloxía GRISAMP	3

En relación coa **suficiencia do cadro de profesorado**, no caso do GPs é, en promedio, adecuada. A dotación permite unha organización docente cunha media de 88.42 estudantes por grupo de docencia expositiva nas materias obrigatorias moi aproximada ao previsto na MVT, de 80 estudantes por grupo; nas materias optativas a media é de 51.95 estudantes por grupo. No caso da docencia interactiva, a media de estudantes por grupo (19.83) é lixeiramente inferior á do curso 2019-2010 (21), e tamén está próxima aos 20 previstos na MVT³⁵, non obstante este dato medio non se axusta á realidade nalgúns materias nas que o número de estudantes se sitúa por riba dos 25 por grupo, debido a que, en certas áreas de coñecemento, aínda é insuficiente a dotación de profesorado.

No caso das *ratios* dos másteres tamén se axustan ao establecido nas MVT; non obstante no caso do MUPXS hai algúns grupos de clases interactivas que superan os 20 estudantes.

En canto á **tipoloxía de profesorado que imparte docencia nos diferentes niveis**, para o caso do Grao, a seguinte táboa amosa a asignación de profesorado por cursos³⁶. Dado que en 1º todas as materias son de formación básica e en 2º e 3º son todas obrigatorias, pódese ver nela que a distribución, por cursos e tipos de materias é equilibrada en canto a categorías; así mesmo, a práctica totalidade do profesorado da titulación ten encargo na

³⁵ Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2020-2021

³⁶ Documento 2500462_E15_2020-2021

titorización do Prácticum e TFG.

**CATEGORÍA DE PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA
NOS DISTINTOS NIVEIS DO GRAO EN PSICOLOXÍA**

	CU	TU	CDR	AXUDR	Outros (ASO, postdoc)
1º curso	2	18	3	1	4
2º curso	7	17	-	2	7
3º curso	3	15	4	4	9
4º curso	3	10	4	4	2

No caso dos másteres, a situación é similar, con profesorado de todas as categorías con responsabilidade en materias obrigatorias e optativas e titorización de TFM e prácticas externas.

No relativo á **formación do profesorado e a mobilidade**, o PDI da Facultade de Psicoloxía participa de modo habitual no Programa de Formación e Innovación Docente ([PFID](#)), se ben as porcentaxes varían considerablemente de ano a ano; na táboa seguinte se presentan os datos dos tres últimos cursos³⁷.

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PDI DAS TITULACIÓNS NO PFID

Titulación	2018-19	2019-20	2020-2021
Grao en Psicoloxía	24.4	47.4	60.44
MUPXS	33.3	58.3	62.50
MUPXer	40.0	62.5	66.67
MUPs	n.a.	44.7	68.89

Compre sinalar que, no curso 2019-20, a necesidade de modificar a metodoloxía docente e de avaliación para adaptala á modalidade telemática de modo súpeto e imprevisible, puxo de manifesto limitacións na capacitación de parte do profesorado no manexo das ferramentas necesarias (que até ese momento non precisara na súa actividade docente) e das especificidades didácticas desta modalidade de ensino/aprendizaxe. O PMA para 2020-21 recollía unha acción a este respecto, vinculada ao obxectivo de calidade OC-7, que foi executada conforme ao previsto: Solicitar e propor actividades de formación sobre manexo das tecnoloxías da información e da comunicación para a docencia e a avaliación (AM_C-10). Probablemente esta acción garde relación co lixeiro incremento na porcentaxe de participación do PDI no PFID.

A mobilidade e as estadías de investigación, que son unhas das vías que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado e, que xa viñan sendo baixas debido, en boa medida, ao axustado calendario académico, descenderon no curso 2020-21 pola complicada situación sanitaria mundial provocada pola COVID-19.

En síntese, o persoal académico da Facultade de Psicoloxía é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos programas de estudos, e conta con posibilidades de formación continuada no ámbito docente. Non obstante, o cadro de PDI presenta unha elevada idade media, e hai un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos polo que

³⁷ Documento 5064_I6-I7_2020-2021e anteriores

os órganos de goberno da USC puxeron en marcha un plan de dotación de prazas para paliar esta situación. Así mesmo, con respecto ás necesidades do PDI, a CT considera relevante fomentar e facilitar a conciliación concretando como acción de mellora:

OC: Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación (OC-12).

AM: Difundir a información pertinente entre o PDI acerca da solicitude de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación laboral coa vida familiar e persoal (AM_C-12).

En canto á **satisfacción, queixas e suxestións do PDI**, o informe de satisfacción deste persoal coa docencia que imparte (único indicador dispoñible de satisfacción co traballo) é bo, con puntuacións superiores a 4 sobre 5 (4.09 no GPs, 4.68 no MUPXer, 4.40 no MUPXS e 4.24 no MUPs)³⁸. En canto á satisfacción do PDI que participou en actividades de formación do PFID non se dispón de datos desagregados, pero a valoración media do conxunto do PDI da USC sobre a formación recibida nestes cursos tamén recibe unha valoración xeral de 4.49 superior a 4 en todos os ítems, cunha taxa de participación do 45.31%³⁹. Para fomentar a adquisición de novas competencias e a actualización formativa do PDI, a CT propón as seguintes accións de mellora:

OC: Solicitar e organizar actividades para PDI que contribúan a actualización das competencias didácticas e pedagóxicas (OC-11).

AM: Organizar un curso propio para actualizar ao PDI en competencias relativas á consideración de aspectos de ética na investigación nos traballos académicos do estudantado (AM_C-11.a).

AM: Organizar un curso propio para actualizar ao PDI en competencias lingüísticas para a elaboración de unidades didácticas en galego (AM_C-11.b).

2.4.2. Persoal de apoio

A **dotación de persoal de administración e servizos (PAS)** na Facultade de Psicoloxía está configurada por un cadro bastante estable, con 26 persoas en tarefas de servizos e administración⁴⁰, cuxa distribución se pode apreciar na táboa seguinte. É importante salientar que tanto o persoal de conserxería, até ese curso 2020-21, como o de biblioteca presta servizos conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de Ciencias da Educación. Sinalar tamén que non se conta con persoal técnico de apoio directo á docencia.

PERSOAL DE APOIO. FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2020-2021

Área	Categoría / Grupo	Nº postos
Administración	Xestión	1
	Administración	6
Biblioteca	Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos	7
	Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos	6
Conserxería	Oficial de servizos	1
	Auxiliar Técnico de servizos	5
Total		26

³⁸ Indicador IN47, en documentos [códigotítulo]_P.Ind__2020-2021

³⁹ 5064_INF.10_2020-2021

⁴⁰ Documento 5064_E16_2020-2021

Un ano máis compre de destacar a boa disposición do PAS da Facultade. En particular a especial implicación do persoal da Biblioteca do Centro en tarefas de apoio directo aos programas formativos. Este persoal colabora coas actividades de formación dos/das estudantes en competencias de busca e selección de información bibliográfica; ademais, realiza anualmente a revisión da bibliografía recomendada nos programas das materias para asegurar a súa dispoñibilidade, e participa activamente na presentación dos servizos da Biblioteca a potenciais futuros estudantes no marco das xornadas de portas abertas.

Como ocorre no caso do PDI, a **formación do PAS** conta cun programa de formación estable, e os datos indican unha notable participación do persoal da Facultade de Psicoloxía. Se ben, como ocorre co persoal docente e investigador, esta participación ten unha certa variabilidade ao longo dos anos, e veuse determinada pola tipoloxía dos cursos ofertados, pero sobre todo pola crise sanitaria, que provocou un descenso na participación rexistrada nos dous últimos cursos académicos: 70% en 2018-19, 54% en 2019-20 e de 34.52% no 2020-21. Igual que no caso do PDI, as enquisas de satisfacción sobre as actividades de formación non está desagregada por centros; para o conxunto da universidade cunha taxa de resposta do 41%, acadou, este curso, un 7.64 sobre 10⁴¹.

Por último, no curso 2020-21 a **satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49)** foi satisfactoria obtendo un puntuación de 3.75 sobre 5.

⁴¹ Documento 5064_INF.11_2020-2021

2.5 Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

2.5.1. Infraestruturas e recursos materiais

As infraestruturas e recursos dos que dispón a Facultade de Psicoloxía son adecuados e suficientes para cubrir as necesidades das titulacións que nela se organizan. Os [espazos físicos](#) adicados a docencia son: 11 aulas de propósito xeral, de 98/100 postos (unha delas de 150), 4 aulas-seminarios de propósito xeral de 20-25 postos, 10 aulas de prácticas específicas (laboratorios docentes) de 20-25 postos, unha sala de lectura e varios locais para titorías e traballo en grupo. A dotación (equipamento, conectividade) coa que contan estes espazos pódese consultar, a través da ligazón indicada mais arriba, na ficha específica de cada local. Ademais destes recursos, hai que ter en conta os documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) que se comentan máis adiante. Os espazos de traballo dispoñibles para o persoal docente e investigador permiten, no momento actual, contar con despachos individuais para todo o PDI e diversos despachos compartidos para o persoal investigador en formación e para os profesores doutros departamentos que

veñen a impartir docencia de forma puntual á nosa facultade. Asimesmo, neste curso, como consecuencia da crise sanitaria e a necesidade de extremar o contacto entre persoas, optouse por dotar de taquillas individuais e pechadas para a distribución das comunicacións por correo a todo o profesorado, taquillas que se instaláron no módulo A e B.

Co fin de proseguir coa boa dotación e mantemento dos espazos físicos do centro, propóñense as seguintes accións de mellora:

OC: Promover a renovación e mantemento dos espazos físicos e o mobiliario, atendendo as necesidades actuais, e prevendo a adaptación as novas necesidades (OC-13).

AM: Habilitar despachos para o profesorado alleo á Facultade con docencia asignada no Grao en Psicoloxía (AM_C-13.a).

AM: Manter, mellorar e arranxar o estado físico de mobiliario e espazos de uso común e administrativo (AM_C-13.b).

O proceso de xestión e mantemento destes recursos recóllese no proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do Manual de Procedementos do SGC. Contando cunha dotación axeitada, o que se require é un correcto mantemento e unha renovación e substitución periódica de equipos que vaian quedando obsoletos, ao que se engade a detección de novas necesidades. Para isto planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. O PMA para 2020-21 recollía varias accións, vinculadas aos obxectivos de calidade OC-8, OC-9 e OC-10, que foron executadas conforme ao previsto: procedeuse á renovación de equipos informáticos, cómpre destacar a renovación completa do equipamento do laboratorio docente de psicoloxía do desenvolvemento, que se conseguiu a través dunha axuda para renovación de equipamento docente (incluía 24 ordenadores); renovación de equipos audiovisuais e de laboratorios para a docencia que así o requirían, ordenadores portátiles, videoproxectores e micrófonos para as aulas de uso xeral, así como a mellora da cobertura wifi na área de psicoloxía clínica (planta 1 do módulo B) mellorando a conectividade nos despachos dos profesores e nos seminarios docentes (AM_C-11); completouse a dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes (AM_C-12); instaláronse os sistemas de cámara que son necesarios para levar a cabo a docencia en remoto desde as aulas de propósito xeral (AM_C-13); e completouse a segunda fase da adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas de propósito xeral, dispoñendo, logo desta actuación, de 10 aulas adaptadas (AM_C-14).

Con respecto ao mantemento do equipamento nos espazos adicados á docencia, propóñense as seguintes accións de mellora para o vindeiro curso:

OC: Comprobar regularmente o estado do equipamento docente das aulas e espazos docentes, e renovar os equipos cando se precise (OC-14).

AM: Renovar o equipamento docente necesario en laboratorios docentes (AM_C-14.a).

AM: Dotar de mobiliario adecuado os laboratorios docentes (AM_C-14.b).

AM: Continuar coa renovación do equipamento docente nas aulas de uso xeral (AM_C-14.c).

No curso 2020-21 intentouse superar o corte na presencialidade ocorrido por mor da crise sanitaria, que implicou o illamento total e forzoso, sufrida no curso previo. As infraestruturas que posúe o centro permitiron una presencialidade do 50% para as clases expositivas e do 100% para as clases interactivas, converténdonos nun dos poucos centros con ese nivel de presencialidade. Pola súa banda, todos os grupos asistían, semanalmente, ás clases interactivas. Para conseguilo seleccionáronse os espazos de maior tamaño para poder desenvolverlas respectando as normas establecidas (distancia de seguridade) nos protocolos vixentes en cada momento.

Para optimizar o aproveitamento da permanencia do alumnado no centro e atender ás súas necesidades, propóñense as seguintes accións de mellora:

OC: Proporcionar o estudantado espazos de traballo e infraestruturas que permitan optimizar o aproveitamento da súa permanencia na Facultade (OC-16).

AM: Dotar aos estudantes de espazos de uso xeral e mellorar o espazo para os representantes de estudantes (AM_C-16.a).

AM: Habilitar un espazo no centro para que os estudantes podan comer cando o necesiten (AM_C-16.b).

A dotación do sistema de videoconferencia das aulas permitiu que todos os alumnos que tiñan que gardar corentena puidesen seguir as sesións expositivas desde o lugar no que estiveran confinados.

Particularmente, as accións relativas á dotación de tomas de corrente para os postos de clase, o reforzamento da rede sen fíos e a renovación de equipos informáticos, que se viñan adoptando desde hai anos de modo progresivo e continuado, permitiron á Facultade de Psicoloxía facer fronte ao reto que supuxo a situación derivada da pandemia.

Polo que atinxe á conectividade nos espazos adicados á docencia, propónse a seguinte acción de mellora para o vindeiro curso:

OC: Dotar os espazos docentes de conexións eléctricas e incrementar a rede wifi en todos os edificios e espazos docentes da Facultade (OC-15).

AM: Continuar coa mellora da conectividade wifi dos espazos adicados á docencia (AM_C-15).

Respecto da adecuación das infraestruturas e equipamentos da Facultade cómpre sinalar, en primeiro lugar, que é necesario atender, en relación coas infraestruturas, a dous aspectos normativos. No referente a garantir á **acesibilidade universal**, como se vén sinalando cada ano, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Este obxectivo estratéxico, que estaba programado para desenvolver durante o curso 2019-20, e que quedou sen completar debido á emerxencia sanitaria que fixo necesario un axuste presupostario, foi completado ao longo do curso 2020-21, favorecendo así a plena integración nas dinámicas de ensino-

aprendizaxe das persoas con mobilidade reducida.

En segundo lugar cómpre referirse á obrigatoriedade de manter a adecuación dos espazos e infraestruturas ao establecido polas normativas de **seguridade no traballo**. Neste sentido, o [plan de autoprotección](#) da Facultade revísase periodicamente e mantense actualizado conforme á normativa de aplicación e ao que determina o [Servizo de prevención de riscos laborais](#). De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas. E, por último, débese facer referencia aos **indicadores de satisfacción** dos usuarios. Os resultados das enquisas de satisfacción corroboran que os espazos docentes da Facultade son adecuados. En concreto, á pregunta "As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente", a valoración do PDI é de 4.28 sobre 5, lixeiramente superior á puntuación do curso pasado (4.23); a dos estudantes é de 3.76 (fronte a unha puntuación de 2.92 no curso previo). Ademais das enquisas, o estudantado traslada a súa percepción de necesidades neste ámbito a través das reunións cos delegados e representantes de estudantes, ou directamente no Decanato da Facultade e, cando procede, as súas propostas intégranse na planificación anual de gasto.

Polo que atinxe ao compromiso do centro coa sostibilidade, a CT propón como accións de mellora o adecuado tratamento e xestión dos recursos e residuos:

OC: Fomento do compromiso coa política de tratamento e xestión adecuada de residuos, e co uso racional dos recursos (OC-19).

AM: Dotar o centro de colectores para a reciclaxe de residuos (AM_C-19.a).

AM: Reutilización de equipamento da USC para uso docente (AM_C-19.b).

2.5.2. Servizos

En canto aos **servizos**, de entre todos os servizos xerais da USC, os máis directamente vinculados co desenvolvemento dos programas formativos son, sen dúbida, o **Campus Virtual e a Biblioteca**.

Desde o [Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe](#) da USC dáse cobertura ao deseño, apoio e mantemento do **Campus Virtual**, baseado na plataforma Moodle. Sen lugar a dúbida, as ferramentas dispoñibles no Campus Virtual siguen xogando un papel relevante no proceso de ensinanza/aprendizaxe, xa que deron soporte á docencia telemática en todos aqueles casos nos que os/as profesores/as ou os/as alumnos/as tiñan que gardar cuarentena e durante o período de segundo cuadrimestre que se suspendeu a presencialidade na USC. Neste curso, a valoración do estudantado considera de utilidade con puntuacións por riba da media (GPs:3.92 puntos sobre 5; MUPs: 4.75; MUPXS: 4; e MUPXer: 5). O profesorado de todas as titulacións valórao con medias superiores a 4 (GPs: 4.59; MUPXer: 4.67; MUPXS: 5; MUPs: 4.81). Na enquisa do profesorado, de satisfacción coa docencia impartida, este ano, como xa se fixo no curso anterior, incluíuse unha pregunta especificamente adaptada á situación COVID ("*Estou satisfeito coas ferramentas, instrumentos e canais postos á miña disposición para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria*"), que acadou unha puntuación de 4.09

para a titulación de Grao en Psicoloxía ⁴².

Por outra banda, a **biblioteca universitaria**, a sección da Facultade ([Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e CC. da Educación](#)) conta cun amplo fondo documental en acceso directo que resulta axeitado e suficiente para atender aos programas formativos, toda vez que o persoal da Biblioteca se ocupa cada ano, antes de comezar o curso, de verificar, e no seu caso completar, a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A isto únese a dispoñibilidade de bases de datos e publicacións electrónicas. A partir da crise sanitaria vivida, o centro fixo un importante esforzo para que a meirande parte destes recursos electrónicos fosen accesibles desde fóra das instalacións universitarias mediante servizos de autenticación de usuarios. A pesar de que se segue a empregar o servizo de préstamo e de uso na sala, esta nova forma de acceso continúa a ser empregada polos usuarios e supón un apoio importante tanto para a docencia como para a investigación.

A satisfacción do estudiantado co servizo de biblioteca podemos entender que se valora na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, en concreto á pregunta “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?” a puntuación media obtida é razoablemente boa en todas as titulacións (GPs: 3.4; MUPs: 5; MUPxer: 4.5; MUPXS: 3.29) En canto ao profesorado, o alto grao de satisfacción xeral cos servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo, que se deducen da pregunta ¿Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?) reflicte, en boa medida, a adecuación dos mesmos para o desenvolvemento das materias (GPs: 4.28; MUPs: 4.56; MUPXer: 4.67; MUPXS: 4.00).

Outros servizos importantes son os de orientación e acollida e os de xestión académica. No caso dos **servizos de orientación e acollida**, e á marxe das actividades que se realizan no marco de cada titulación (ver apdo. 2.3), a USC conta con diversos *servizos xerais* para estas funcións. Entre eles destaca o [programa 'A Ponte'](#) (ao que xa se fixo tamén referencia máis arriba, (ver apdo. 2.3.1). Cóntase tamén co [Servizo de participación e integración universitaria \(SEPIU\)](#), que identifica as demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a [Área de orientación laboral e emprego](#), dirixida a orientar aos/ás estudantes para a incorporación ao mercado laboral, no tramo final de estudos, e o [Servizo de axudas e servizos ao alumnado](#), responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. A [Oficina de información universitaria \(OIU\)](#) orienta aos estudantes sobre todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades⁴³.

Para atender ás **xestións académicas** dos e das estudantes, a USC conta cun servizo centralizado para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC, o denominado, [Servizo de xestión académica](#). As súas unidades son as que se encargan da tramitación, e tamén da información, en materia de matriculación, recoñecementos e

⁴² Documentos 2500462_INF.22_2020-2021, 2500462_INF.23_2020-2021, 4314481_INF.23_2020-2021, 4314476_INF.23_2020-2021, 4317022_INF.23_2020_2021, 2500462_INF.14_2020-2021, 4314481_INF.14_2020_2021, 4317022_INF.14_2020_2021.

⁴³ A satisfacción coa OIU recóllese no informe de satisfacción de egresados (INF_09) que, como xa se ten indicado, non está dispoñible para este curso.

validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. O servizo está dispoñible por vía telemática a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que permite realizar calquera trámite as 24 horas do día desde calquera lugar. A satisfacción do estudantado con este servizo queda reflectido na pregunta: ¿Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?, da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación e a puntuación deste ítem é de 4.24 (superior á acadada o curso pasado, que foi de 3.62). Os procesos que xestiona este servizo recibiron 12 recursos, e ningunha queixa ou reclamación, dos estudantes da Facultade, dos cales, o SXA tramitou os que se referían a admisión (1 recurso) e a modificación de matrícula (1 recurso). Se temos en conta o número de estudantes matriculados e a cantidade de trámites que xestiona ese servizo, considérase un nivel de incidencias moi cativo. Sinalar que este servizo de xestión académica se complementa, a nivel do ámbito específico da Facultade coa **Unidade de xestión do Centro**. Esta unidade atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto máis próximo ao estudantado.

Entre os servizos á disposición do estudantado da USC cabe destacar, pola súa recente creación, o **servizo de atención psicolóxica ao estudantado**. Este servizo, creado en maio de 2021, ten sido durante moitos anos unha demanda da Facultade de Psicoloxía que por fin se materializou. Creouse co obxectivo de dar resposta ás consecuencias a nivel psicolóxico derivadas da pandemia da COVID-19 que teñen a súa repercusión no ámbito académico dos/as estudantes e para a procura do benestar psicolóxico dos mesmos. Á responsable da coordinación deste servizo dende a súa posta en marcha é unha profesora da Facultade de Psicoloxía.

Por último, nesta parte dos servizos xerais, sinalar a dispoñibilidade da **administración electrónica da USC**, que facilita a relación administrativa coa institución por vía exclusivamente telemática ao persoal, estudantado e calquera outro grupo de interese (taboleiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes administrativos-e, etc.).

Para rematar, facer referencia ás **instalacións nas que se realizan prácticas externas**, que se consideran, a efectos dos procesos de calidade, como parte dos recursos materiais e servizos. En 2020-21, a Facultade de Psicoloxía conseguiu 39 novos convenios de prácticas, sumando un total de 362 convenios asinados con dispositivos externos. A través destes convenios, a Facultade proporciona un número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante nunhas condicións axeitadas e cunha certa capacidade de elección de dispositivos. En conxunto, ofrécense anualmente en torno a 240 prazas de Prácticum para o alumnado de Grao e 80 prazas para o alumnado dos másteres, que abranguen todas as áreas de intervención e exercicio profesional da Psicoloxía.

Durante o curso 2020-21, algúns destes centros de prácticas externas mantivéronse retirados da oferta por mor da situación sanitaria e a vulnerabilidade dos seus usuarios. Nos dispositivos que seguiron admitindo estudantes en prácticas estas se realizaron contando con todas as medidas sanitarias esixidas para os profesionais, que se aplicaron igualmente ao alumnado en prácticas.

2.6 Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información.
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

O proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do SGC establece como se realiza a xestión da información pública da Facultade de Psicoloxía, co obxectivo de garantir que toda a información relevante das titulacións que se imparten no Centro se fai pública, se revisa periodicamente e se actualiza co fin de manter informados aos grupos de interese. A canle principal para facer pública esta información é a web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Nela está dispoñible toda a información que se relaciona na Táboa de Información mínima a publicar, anexa ao manual do SGC que se revisa, e de ser o caso se actualiza, anualmente. A información máis xeral, para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a páxina principal da Universidade. De cara a promover a difusión de información dos estudos para futuros estudantes, a CT do Máster Universitario en Psicoloxía considera relevante propoñer a seguinte acción de mellora:

OC: Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa (OC-17).

AM: Continuar coas iniciativas de captación de alumnado no Máster en Psicoloxía, tanto no contexto da Comunidade Autónoma, como no conxunto do Estado, e noutros países (AM_C-17).

A nivel da Facultade, na intranet mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, profesorado e PAS, cun punto específico tamén para títulos de Prácticum), que son os que acoden prioritariamente ao sitio web do Centro. Neste nivel preténdese atender ás necesidades de información do alumnado no día a día ao longo dos seus estudos, no que denominamos “guía académica” dos títulos. Estas guías conteñen toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum e TFG, mobilidade, programas das materias, plan de acción tutorial). Esta información actualízase na intranet antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula.

Dentro das accións de difusión da información do centro, darase tamén publicidade ás actividades promovidas pola Comisión de Igualdade de Xénero no que atinxe á

consecución de obxectivos estratéxicos vinculados co Sistema de Garantía de Calidade, así como co III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC 2021-24. En relación con isto, propónse a seguinte acción de mellora para o vindeiro curso:

OC: Fomento do papel da Comisión de Igualdade da Facultade, tanto na programación académica como na organización de actividades extracurriculares (OC-18).

AM: Promover actividades extracurriculares no marco da axenda feminista da Comisión de Igualdade de Xénero (AM_C-18).

A información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (política de calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, memorias de calidade, plans de melloras) están publicados na web da Facultade, no sitio ‘Calidade-Documentación do SGC’, e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da Universidade (plan estratéxico da universidade, procesos institucionais, plan de auditorías, planificación anual das enquisas) na web da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, principalmente nas seccións ‘Sistemas de Garantía de Calidade’ e ‘Satisfacción dos grupos de interese’.

Por último, a información relativa aos acordos da CCC, e tamén das CT, publícase na web da Facultade, no sitio ‘Calidade – órganos do SGC’, nas ligazóns correspondentes a cada unha destas comisións.

3. Plan de Melloras do centro, 2021-22

3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas

No PMA que se detalla a continuación defínense 19 obxectivos de calidade e 29 accións de mellora relacionadas con eles.

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1. Mellorar a información dispoñible relativa á satisfacción dos grupos de interese.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3)		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-1.a. Elaborar unha enquisa propia, así como fomentar a participación na mesma, para avaliar a satisfacción do alumnado co curso de biblioteca que reciben no primeiro semestre do 4º curso do Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa	Meta a conseguir:	Obter datos de satisfacción do estudiantado de Grao
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-1.b. Elaborar unha avaliación da satisfacción co proceso de elaboración do Traballo Fin de Máster no Máster de Psicoxerontoloxía a		

	partir dunha serie de ítems avaliativos comúns.		
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa	Meta a conseguir:	Obter datos de satisfacción do estudantado do MUPXer

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Dentro dos indicadores propios de resultados do Grao en Psicoloxía, non había unha enquisa propia para avaliar a satisfacción co curso de biblioteca que o alumnado recibe en 4º curso como formación para a elaboración do TFG.
Definición/ descrición proposta	Elaborar unha enquisa propia, así como fomentar a participación na mesma, para avaliar a satisfacción do alumnado co curso de biblioteca que reciben no primeiro semestre do 4º curso do Grao en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Dolores Rodríguez Salgado

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Dentro dos indicadores propios de resultados do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía, non había unha enquisa para avaliar a satisfacción do alumnado coa elaboración do TFM.
Definición/ descrición proposta	Elaborar unha avaliación da satisfacción co proceso de elaboración do Traballo Fin de Máster no Máster Universitario de Psicoxerontoloxía a partir dunha serie de ítems avaliativos comúns.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	David Facal Mayo

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-2. Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-2. Modificación substancial da memoria do título de Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2023-2024.		
Indicador/es de medición	Modificación da memoria do título	Meta a conseguir:	Adaptar o programa formativo do título do MUPXS ás novas necesidades normativas e formativas

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas

	formativos
Análise causa	Debido a cambios normativos recentes relacionados coa esixencia de xustificación dos 90 créditos de carácter especificamente sanitario e as implicacións da substitución do proceso homologación/equivalencia dos títulos estranxeiros, faise necesario actualizar as condicións de acceso e admisión de estudantes ao Máster Universitario de Psicoloxía Xeral Sanitaria. Así mesmo, en base a experiencia acumulada durante os case 10 anos de vixencia do título e analizada nas sucesivas memorias de seguimento do título, considérase necesario incorporar cambios nas memorias das materias e na optatividade do título.
Definición/ descrición proposta	Elaborar e tramitar a proposta de modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario de Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa aprobación en 2022-23 e posterior implantación en 2023-24.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Xosé Antón Gómez Fragueta

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-3. Avaliar e axustar a oferta formativa da Facultade ás demandas académicas e do eido profesional da psicoloxía.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas (AM_C-3.a) PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas (AM_C-3.b)		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-3.a. Complementar a formación en metodoloxía cuantitativa que se imparte en dúas materias obrigatorias do Máster Universitario de Psicoloxía, organizando un seminario ou curso específico de metodoloxía cualitativa.		
Indicador/es de medición	Realización do seminario formativo	Meta a conseguir:	Mellorar o coñecemento dos estudantes acerca de metodoloxía cualitativa
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-3.b. Elaborar unha rúbrica para a valoración do Traballo Fin de Máster, común para as universidades participantes no Máster Universitario de Psicoxerontoloxía.		
Indicador/es de medición	Elaboración dunha rúbrica	Meta a conseguir:	Mellorar o procedemento de avaliación do TFM no MUPXer

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-3.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A formación metodolóxica cuberta polas materias do Máster Universitario de Psicoloxía céntrase basicamente nos procedementos de análise de datos cuantitativos. O alumnado e o profesorado coinciden na conveniencia de complementalos incluíndo formación en metodoloxía cualitativa.
Definición/ descrición proposta	Complementar a formación en metodoloxía cuantitativa que se imparte en 2 materias obrigatorias do Máster Universitario de Psicoloxía, organizando un seminario ou curso específico de metodoloxía cualitativa.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Lourdes Mirón Redondo

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-3.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Non existe información homoxénea sobre a valoración do TFM entre as catro universidades participantes no Máster Universitario de Psicoxerontoloxía, polo que se precisa un procedemento de avaliación con criterios consistentes e consensuados.
Definición/ descrición proposta	Elaborar unha rúbrica para a valoración do Traballo Fin de Máster, común para as universidades participantes no Máster Universitario de Psicoxerontoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	David Facal Mayo

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-4. Procurar novos convenios con centros e dispositivos para a realización de prácticas dos distintos títulos do centro, que poidan contribuír tanto á formación do estudiantado como á súa empregabilidade.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-4. Procura de novos convenios para a realización do Prácticum do Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Número de novos convenios asinados	Meta a conseguir:	Ampliar convenios con centros para realización de Prácticum

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-4
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A formación práctica recibida no marco do Prácticum do Grao en Psicoloxía debe ampliarse mantendo a representación das distintas áreas profesionais da psicoloxía para favorecer a formación do estudiantado e promover a adquisición de habilidades profesionais que faciliten a súa empregabilidade no futuro.
Definición/ descrición proposta	Procura de novos convenios para a realización do Prácticum do Grao en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Olalla Cutrín Mosteiro

OBXECTIVO DE CALIDADE	
OC-5. Fomentar a participación do estudiantado en programas de formación extracurriculares, e nos programas de voluntariado.	
Obxectivo estratéxico	Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular

relacionado	(3.1)		
Procesos chave relacionados	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-5. Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía como titores no Programa A Ponte.		
Indicador/es de medición	Número de estudantes titores	Meta a conseguir:	Incorporar ao alumnado no programa A Ponte

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-5
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Debido á crise sanitaria, a participación do estudantado en programas extracurriculares e de voluntariado veuse moi mermada. En concreto, o curso pasado non se chegou a incorporar alumnado dentro dos programas de promoción e titorización da titulación do Grao en Psicoloxía (programa A Ponte).
Definición/descrición proposta	Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía como titores no Programa A Ponte.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Dolores Rodríguez Salgado

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-6. Diseñar e desenvolver contidos formativos centrados na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.a. Promover a orientación profesional dos contidos impartidos no Máster Universitario de Psicoloxía, incluíndo proxectos de “aprendizaxe-servizo” naquelas materias máis directamente enfocadas á intervención.		
Indicador/es de medición	Número de novos proxectos “aprendizaxe-servizo”	Meta a conseguir:	Incorporación de proxectos “aprendizaxe-servizo” nos programas das materias de intervención do MUPs
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.b. Incrementar a información que se transmite ao alumnado sobre o Prácticum do Máster Universitario de Psicoloxía, organizando reunións especificamente destinadas a este propósito.		
Indicador/es de medición	Número de reunións informativas sobre Prácticum	Meta a conseguir:	Mellorar a información sobre o Prácticum no MUPs

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no

	alumnado
Análise causa	As estratexias de aprendizaxe-servizo fomentan a orientación práctica, o que pode ser de utilidade para a empregabilidade, especialmente nas materias de contido mais aplicado.
Definición/ descrición proposta	Promover a orientación profesional dos contidos impartidos no Máster Universitario de Psicoloxía, incluíndo proxectos de "aprendizaxe-servizo" naquelas materias máis directamente enfocadas á intervención.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Lourdes Mirón Rendondo

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Tense detectado unha valoración moderada por parte do alumnado con respecto á información sobre o funcionamento e procedementos do Prácticum no Máster Universitario de Psicoloxía. Esta valoración aconsella completar a información xa dispoñible na páxina web, con actividades nas que o estudantado poida resolver as súas dúbidas.
Definición/ descrición proposta	Incrementar a información que se transmite ao alumnado sobre o Prácticum do Máster Universitario de Psicoloxía, organizando reunións especificamente destinadas a este propósito.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Lourdes Mirón Redondo

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-7. Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio, nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-7.a. Incrementar a participación de profesionais en exercicio no Máster Universitario de Psicoloxía, invitando a psicólogos/as de distintos eidos de especialización a impartir charlas sobre o seu traballo.		
Indicador/es de medición	Charlas impartidas por profesionais externos no MUPs	Meta a conseguir:	Aumentar a participación de profesionais da psicoloxía no MUPs
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-7.b. Fomentar a participación de profesionais dedicados a distintos eidos de especialización psicolóxica en ciclos de charlas dirixidos a alumnado do Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Charlas impartidas por profesionais externos no Grao	Meta a conseguir:	Mellorar o coñecemento achegado ao estudantado sobre ámbitos de exercicio profesional

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-7.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21

Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	A boa acollida da iniciativa de participación de profesionais da psicoloxía nas actividades formativas do Máster aconsellan a súa continuidade e formalización, de maneira que poida converterse nunha dinámica permanente.
Definición/ descrición proposta	Incrementar a participación de profesionais en exercicio no Máster Universitario de Psicoloxía, invitando a psicólogos/as de distintos eidos de especialización a impartir charlas sobre o seu traballo.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Lourdes Mirón Redondo

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-7.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	A boa acollida dos ciclos de charlas “A práctica profesional da Psicoloxía” e “Tempo da Psicoloxía” por parte do alumnado de Grao, así como polos profesionais invitados, suxire a súa continuidade precisando a incorporación de profesionais que se adiquen a novos ámbitos profesionais, ampliando a variedade na oferta formativa e reflexando unha perspectiva de abordaxe psicolóxica novidosa e adaptada ás novas realidades sociais.
Definición/ descrición proposta	Fomentar a participación de profesionais dedicados a eidos de especialización psicolóxica novidosos e en auxe en ciclos de charlas dirixidos a alumnado do Grao en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Olalla Cutrín Mosteiro

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-8. Fomentar a participación do estudiantado nos órganos de goberno e xestión da Facultade.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Facilitar a integración do estudiantado na Facultade e no seu funcionamento (3.3)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-8. Incrementar a taxa de participación, na cota de representación, dos estudantes na Xunta de Facultade		
Indicador/es de medición	Tasa de participación de estudantes na Xunta de Facultade	Meta a conseguir:	Incrementar a taxa de representantes de estudantes nos órganos de goberno do centro

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-8
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	O estudiantado está infrarrepresentado nos órganos de goberno da

	Facultade e nas diferentes comisións delegadas da Xunta de Facultade, dado que tan só hai dous representantes de estudantes neste órgano de goberno.
Definición/ descrición proposta	Procurar a integración do alumnado na Xunta de Facultade e nas distintas comisións que permiten a súa inclusión como representantes de estudantes.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	María José Sampedro Vizcaya

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-9. Fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento (3.3)		
Procesos chave relacionados	PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-9. Fomentar a participación do estudantado nas enquisas oficiais da USC relativas ao Máster Universitario de Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Participación nas enquisas do MUPs	Meta a conseguir:	Aumentar a participación do estudantado nas enquisas do MUPs

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-9		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21		
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado		
Análise causa	Obsérvase unha baixa participación do estudantado nalgunha das enquisas oficiais da USC de valoración da titulación do Máster.		
Definición/ descrición proposta	Fomentar a participación do estudantado nas enquisas oficiais da USC relativas ao Máster Universitario de Psicoloxía.		
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021		
Responsables	Lourdes Mirón Redondo		

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-10. Promover un reparto axeitado das tarefas e cargas docentes dos distintos cursos e semestres en cada titulación.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Promover horarios e calendarios que permitan un reparto axeitado da carga de traballo (3.4)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-10. Seguir a traballar na coordinación entre o profesorado das distintas materias do Máster Universitario de Psicoloxía de cara a promover criterios consensuados nas actividades formativas e de avaliación.		
Indicador/es de medición	Mellora na satisfacción coa coordinación entre materias no profesorado do MUPs	Meta a conseguir:	Fomentar a coordinación na formación e avaliación do MUPs

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-10
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	A coordinación do profesorado de cara á organización de actividades formativas aínda que se incrementou con respecto ao curso pasado, pode mellorarse, o que redundaría nun máis eficaz funcionamento do Máster.
Definición/ descrición proposta	Seguir a traballar na coordinación entre o profesorado das distintas materias do Máster Universitario de Psicoloxía de cara a promover criterios consensuados nas actividades formativas e de avaliación.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Lourdes Mirón Redondo

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-11. Solicitar e organizar actividades para PDI que contribúan a actualización das competencias didácticas e pedagóxicas.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI (4.1)		
Procesos chave relacionados	PS-01. Xestión dos recursos humanos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.a. Organizar un curso propio para actualizar ao PDI en competencias relativas á consideración de aspectos de ética na investigación nos traballos académicos do estudiantado.		
Indicador/es de medición	Realización dun curso de formación	Meta a conseguir:	Aumentar as competencias do PDI en aspectos éticos
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.b. Organizar un curso propio para actualizar ao PDI en competencias lingüísticas para a elaboración de unidades didácticas en galego.		
Indicador/es de medición	Realización dun curso de formación	Meta a conseguir:	Fomentar o uso do galego nas unidades didácticas

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-11.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	Detectouse que o profesorado encargado de titorizar TFGs precisa ferramentas para transmitir ao alumnado de xeito máis didáctico as competencias relativas a aspectos de ética e deontoloxía en traballos académicos.
Definición/ descrición proposta	Organizar un curso propio para actualizar ao PDI en competencias relativas á consideración de aspectos de ética na investigación nos traballos académicos do estudiantado.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	Dolores Rodríguez Salgado

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-11.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21

Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade observou a necesidade de formar ao PDI na elaboración de unidades didácticas en galego.
Definición/ descrición proposta	Organizar un curso propio para actualizar ao PDI en competencias lingüísticas para a elaboración de unidades didácticas en galego.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	María José Sampedro Vizcaya

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-12. Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal (4.3)		
Procesos chave relacionados	PS-01. Xestión dos recursos humanos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-12. Difundir a información pertinente entre o PDI acerca da solicitude de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación laboral coa vida familiar e persoal.		
Indicador/es de medición	Accións de difusión da información	Meta a conseguir:	Aumentar o coñecemento sobre a normativa de conciliación

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-12		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21		
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos		
Análise causa	Detectouse unha carencia na información que o PDI dispoñía para solicitar a conciliación, polo que se necesita unha difusión global e transparente da normativa.		
Definición/ descrición proposta	Difundir a información pertinente entre o PDI acerca da solicitude de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación laboral coa vida familiar e persoal.		
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021		
Responsables	María José Sampedro Vizcaya		

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-13. Promover a renovación e mantemento dos espazos físicos e o mobiliario, atendendo as necesidades actuais, e prevendo a adaptación as novas necesidades.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia (5.1)		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-13.a. Habilitar despachos para o profesorado alleo á Facultade con docencia asignada no Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Número de despachos habilitados	Meta a conseguir:	Habilitar espazos para o profesorado alleo ao centro
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-13.b. Manter, mellorar e arranxar o estado físico de mobiliario e espazos de uso común e administrativo.		

Indicador/es de medición	Espazos físicos mellorados	Meta a conseguir:	Manter o bo estado dos espazos físicos comúns
--------------------------	----------------------------	-------------------	---

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-13.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O profesorado alleo á Facultade con docencia asignada no Grao en Psicoloxía non ten un espazo para atender ao alumnado e realizar as súas labores docentes fóra da aula.
Definición/descrición proposta	Habilitar despachos para o profesorado alleo á Facultade con docencia asignada no Grao en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2022/ Inicio: 01/09/2021
Responsables	María José Sampedro Vizcaya

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-13.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
